



Tratado de Albeitaria

XUNTA DE GALICIA

Tratado de Albeitaria

Introducción, transcripción e glosario de
José Luis Pensado Tomé

Revisión para a imprenta e edición en apéndice de
Gerardo Pérez Barcala

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Santiago de Compostela
2004

Imaxe da cuberta
Bonifacio di Calabria, *De la Manescaltia*,
Roma, Biblioteca Apostolica Vaticana, ms. lat. 7228, fol. 9.

Edita
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística
Xesús P. González Moreiras

Coordinador Científico
Manuel González González

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Imprime
Cograf

ISBN
84-453-3859-5


Depósito Legal
C-1801-2004

Santiago de Compostela 2004



Apéndice

Proposta de edición a cargo de
Gerardo Pérez Barcala



Co obxectivo de facilitar a lectura e comprensión do texto, ofrécese unha edición provisional do mesmo que se enmarca nun estudo máis completo, no que non só se tivo en conta o *Livro d' Alveitaria* do Mestre Giraldo, de principios do século XIV, senón tamén a tradución francesa do tratado de hipiatría escrito en latín a mediados do século XIII por Jordanus Ruffus na corte de Federico II de Sicilia. Aínda que non se acadaron solucións satisfactorias para tódalas pasaxes escuras do texto galego, esta obra prestou un servizo importante, pois, como se indica claramente nas partes inicial e final do texto galego, este se integra, en efecto, entre as múltiples adaptacións romances do referido manual de veterinaria latino.

Dado que esta proposta de lectura forma parte dun traballo en curso, non se ofrece un aparato (no que se constaten os erros de copia e as particularidades gráficas do manuscrito con respecto á edición que se presenta), pois non se considera imprescindible ó contar xa coa reprodución do orixinal manuscrito e coa transcrición semipaleográfica realizada polo Prof. Pensado. Sen esquecer os problemas gráficos do manuscrito que transmite o *Tratado de Alveitaria* e os derivados da interpretación dos trazos que con frecuencia presentan as palabras –dificultades das que dá conta o Prof. Pensado Tomé na introdución–, a edición que se ofrece opta pola regularización gráfica do texto, seguindo os criterios habituais nos textos editados nos proxectos *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, *Cantigas de Santa Maria* e *Prosa literaria medieval*, que se desenvolven no Centro “Ramón Piñeiro” para a Investigación en Humanidades. Así, na estratexia editorial seguida para a disposición do texto contéplanse os seguintes criterios:

1. En posición implosiva ou final absoluta, emprégase sempre <n> (que será tamén o desenvolvemento habitual do signo de abreviación nesas posicións), salvo ante as oclusivas bilabiais *b* e *p*. Deste xeito: *demāda* = *demanda*; *bem* = *ben*; *cōpañā* = *compaña*; *ambos* = *ambos*; ...

2. A nasalidade vocálica será representada só sobre a vogal nasalizada e non se reporá naqueles casos nos que non apareza no *ms*. Así: *lāa*, *frēo*, *freo*, etc.

3. Simplifícanse as reduplicacións vocálicas non etimolóxicas: *maão* = *mão*; *sooe* = *soe*; etc.

4. As vogais palatal /i/ e velar /u/ serán representadas como <i> e <u> respectivamente: *asy* = *asi*, *ajnda* = *aínda*, *sairya* = *sairia*; *vsam* = *usan*, *vnto* = *unto*; ... As grafías <j> e <v> só se empregarán cando teñan valor consonántico: *ia* = *ja*; *uara* = *vara*; etc.

5. Para a representación das oclusivas velares xorda /k/ e sonora /g/ utilízanse as grafías <ca, co cu, que, qui> e <ga, go, gu, gue, gui> respectivamente. Por exemplo:

fiqar = ficar, esterqo = esterco, ceixadas = queixadas; chege = chegue, amjgo = amigo, gisa = guisa; ...

6. Consérvanse as secuencias <qua>, <gua>: *qual, quando, guarda, etc.*

7. As consoantes palatais /j/ e /ɲ/ aparecerán representadas como <ll> e <ñ> respectivamente: *alur = allur, palla = palla; farina = fariña, uyño = viño, ...*

8. Para a africada predorsal xorda /ʃ/ utilízanse as grafías <ç>, ante as vogais central e velares, e <c>, ante as palatais: *llancavan = lançavan, çedo = cedo, curaçõ = curaçon, çinza = cinza, ...* A sonora /ʒ/ represéntase no texto como <z>: *rezenĩ = rezente, mezzinas = meziñas, etc.*

9. Para a fricativa palatal xorda /ʃ/ adóptase a grafía <x>: *qoixas = coixas, vixigas = vixigas, etc.* Para a correspondente sonora /ʒ/ utilízanse <j> ante as vogais velares e central, e <g> ante as palatais: *poegos = poejos, toios = tojos, ia = ja, jeolo = geollo, agiña = agiña, etc.*

10. As fricativas apicais xorda /ʃ/ e sonora /z/ representaranse como <ss> e <s> respectivamente. En posición intervocálica manterase escrupulosamente a distinción existente no manuscrito, xa que neste contexto ten pertinencia a oposición entre os dous fonemas. Deste xeito: *qousas = cousas / coussas = coussas, paso = paso / passos = passos, ...*

11. As consoantes dobres simplifícanse sempre, agás *rr* e *ss* en posición intervocálica: *tenrro = tenro, sponssa = esposa, ssete = sete, alfforua = alforva, Alggūus = Algūus, etc.*

12. Elimínase o *h* antietimolóxico e non se repón cando non aparece: *home, ome, huso = uso, etc.*

13. Únense e sepáranse as palabras segundo os criterios actuais do galego, emprégase o apóstrofo para indicar os casos de elisión vocálica (*d'ervas, d'ovos, ...*) e, nos casos de mesóclise, únese o pronome ó verbo principal e separándoo do auxiliar (*poerll'ás, prestarll'an, ...*).

14. Escríbense xuntas as formas asimiladas da preposición *en* e o artigo (*enno, eno, ...*), así como as resultantes da unión de formas verbais rematadas en *-r* ou en *-s* e os pronomes átonos de obxecto directo; para isto emprégase o punto alto co fin de marcar o proceso de asimilación e evitar a confusión cunha posible articulación palatal da grafía (*batel-los, remetel-lo, etc.*), que podería estar evidenciando distintas fases do proceso de asimilación.

15. Emprégase o til só con valor diacrítico: *e* (conx.) / *é* (vbo.), *a* (prep., art.) / *á* (contracción prep. + art.), etc.

16. Utilizaranse as maiúsculas e minúsculas conforme ós criterios actuais do galego.

17. As abreviaturas serán desenvoltas en tipografía normal, sen recorrer á cursiva. Entre elas: *9 = con; p = per* (tamén para a preposición, aínda que, cando non aparece abreviada, a forma dominante sexa *por*), *por, par; p̄ = pre; ū = ver; q̄ = qua; ḡ =*

ga, gua; t^o = tro; etc. O signo tironiano (τ) será desenvolto como *et*, aínda que se trate dunha forma latinizante, ó ser esa a forma habitual para representar a conxunción copulativa no *ms*.

18. As integracións no texto figuran entre corchetes [], mentres que entre parénteses () márcanse as palabras que presumiblemente deberían eliminarse do texto.

1 (1 r) [C]omo ontre todas as cousas animalias que Deus fezo a uso et serviço do
 home neña non seja máis nobre que o cavalo, porque per el os principes et os gran-
 des señores et os cavaleiros se deporten, et porque sen el o señor ontre os [o]utros
 privados asi como deve non poderia seer esgardado, por én a prol daqueles [que] usan
 5 dos cavalos, espicialmente aa onra daqueles que con nobre curaçon se deleitan aa
 bondade et aa onra da cavalaria et da batalla, algũas cousas do cavalo, segundo miña
 opinion et a brav[e]za do meu engeño, ordinei ajuntar [libro] no que per todaslas
 coussas posan sutilmente mostrar aquelas cousas que ao cavalo et á sua geraçon per-
 teecen, mais livremente, a verdade, per orden dereita segundo o que provei eu, Jurdan
 10 Ruvio de Calabria, cavaleiro en marescala en outro tempo de meu señor, o empera-
 dor Fradarique Segundo; de miña vontade, de todaslas coussas, razoes verdadeiras
 mostrarei.

Et a rogo de ñu meu amigo que se en esto deleitava, todaslas cousas con femença
 así escritas provei. E ende primeiro vejamos da criaçon et da nasença do cavalo, e
 15 o segundo do fillamento et do mantimento del, et o terceiro da garda et da
 insina[n]ça, et o cuarto da conosença da fremusura do corpo et dos ne[m]bros et da
 feiçon del, et o quinto das enfermidades del, así naturaes como accidentaes; et o seis-
 to dos remedios et das meziñas que valen contra as ditas enfermidades.

Et da geraçon et da nasença do cavalo.

20 Primeiramente por[que], escribindo a geraçon et a nasença do cavalo, digo que o
 cavalo deve seer geerado con gran goarda et femença en esta guisa et maneira: o
 cav[a]llo que ha de geerar deve seer esforçado et ben gobernado, et non deven en el
 cavalgar nen traballar con el.

Et quanto con mēor traballo et máis sen afan o cavalgar, a egoa máis cumprida-
 25 mente esprovezerá et per esto se geerará o cavalo no ventre da madre m[a]ior et máis
 groso.

Et deve o home saber que en tal tempo deven deitar o cavalo aa egoa que posa
 nacer en tempo conviniv[e]l das hervas, porque a egoa, pacendo avondosamente,
 máis leite et mellor dara ao fillo. Esto é verdade et semella razon. E se o cavalo na
 30 sua nacença et adeante é avondado de leite et d'ervas, suas carnes seran máis testas
 et máis fortes todavia, et seu corpo et seus nembros máis grandes.

A egoa, mentre for preñe, non deve de seer moi grosa nen moi magra, mais deve
 seer no cumunal, ca, se for moi grosa, a grusura de dentro estreitaria en tanto o fillo
 no ventre que o corpo et os ne[m]bros del non se poderian estender et por ende sai-

35 ria o corpo pequeno; et, se for moi magra, per razon de gran magredüe non se poderia o potro ben gobernar (1 v) no ventre dela, naceria magro et fraco.

Depois, quando vëer tempo do potro nacer, deve a andar a egoa para fazer seu potro en lugar montoso et pedregoso. Et se o potro en o tal lugar nacer, as uñas [seran] máis duras et máis fortes porlo uso da nacença et m[a]jormente se usar, 40 enmentre é tenro, d' andar en eses montes pedregosos, et por uso do sobir et do decer deses montes faranxelle as coixas mellores, et a natura, aparelhada por én para defendimento das coixas, faz os osos máis grosos.

Et a egoa que andar preñe día nen noite non deve estar presa en lugar u non comeia nen beba, porque por fame ou sede que padeciría estando así ençarrada aas 45 veces seeria constringida de parir o fillo ante do tempo.

Et pois que o potro nacer, ande cu[n]tinoadamente per lugares espantosos et d' erva ata que cumpra dous anos, et non máis.

Et esto digo porque o potro ben criado, pois que pasar dous anos, se con sa madre andar, querria cavalgar naturalmente en outra animallia, et por esto peioraria 50 de cada día et ligitimamente en algũa parte do corpo se podería danar.

Afirmo pero que o potro que ata tres anos en bon lugar de pazco viver livredüe, sen compañía doutras bestas, mellor et máis sã seeria así que use ca[m]pos v[e]rdes cada día ao aar et livr[e]düe, et garda soude no corpo et nos nembros do potro naturalmente et espicialmente as coixas son limpas de magoas et per todas coussas mellores.

55 Do fillamento et domamento do cavalo.

Dito é da geeraçon et da nacença do cavalo; vejamos do fillamento et domamento del. Digo que o potro, porque é tenro et mole das carnes, que o deven liar, quando o fillaren, con corda de lãa grosa levemente et mansamente, por[que] a lãa é máis 60 ligeira que o liño.

Item. Deven fillar o potro en tempo rezente et temperado, ca, se for caente o 60 tempo, per razon de traballo que non ha usado, ligeiramente podería pirigar et coller dano en algũa parte do corpo. Et pois que for fillado, devenno [trager] en cabresto de liño canavo et tragel-lo en compañía de outro cavalo (2 r.), ensinandoo ao lugar u o deven a domar así como te ensinarei adeante, et porque toda cousa ama naturalmente 65 a semellavil, así por én máis sãamente se criaria o potro con cavalo que é de sua natura.

Do [do]mamento et da garda do potro pois que o tomaren.

Para domar o cavalo esta é a maestria et sabedoria; na segunda parte digamos que o cavalo deve no presevel estar en dous arretaes et en duas soltas así postas que lle 70 non danen os pees. Et se se faz esquivo, junten con el outra besta para se chegaren a

el máis seguramente et máis chãamente. Et devenno tanger con a mão por todoslos ne[m]bros liviãamente et ma[n]samente; no començo contra o cavalo o que del pensar non dev[e] seer aspero nen de paravoas aspantossas, ca per paravoas taes podría gaañar mañas et custumes maos; devenlle falar mansamente, tangendoo et afaagandoo ata que seja manso et ben ensinado, que se non espante ao tangemento das mãos. Et devenno tanger por todoslos nembros, estremadamente nos pees, et devenllos amiude alçar et batel·los como se o quisesen ferrar. Et debes saber que o non deven meter en prijon nen domar senon de dous anos adeante. Et des i, quanto menos for liado, tanto menos lle poderán empeecer enos pees e nas coixas as liaduras que lle
75
80

Da guarda et da ensina[n]ça do potro.

[D]ito é desuso do fillamento et do domamento do cavalo. Agora digamos na terceira parte da garda e da ensinanza del primeiramente. Pois que o cavalo for fillado et domado, devenno prender en cabresto de dous ramos feito de coiro con cabeçadas et legueno ao presev[e]l et metanno en duas soltas, et teña os ollos de lãa que tragan docemente os travadoiros máis sãos, et outrosi as coixas.
85

Item. O lugar u estiver seja limpo aa mañãa et aa noite de todo esterco, et façanlle i estrado alto ata os geonllos de palla ou de fêo para folgar en el; depois de gran mañãa devenno tirar da estada et devenno almofaçar con almofaz mansamente que soen no espiñaço e nas coixas [e] en todoslos ne[m]bros asi como conven; depois
90 devenno levar mansamente en pequeno paso [á] agoa. Et así aa mañãa como aa noite, n[a] agoa doce ou salgada, deveno meter na vëa dela u vai (2 v.) máis tesa per tres oras ata os geollos ou pouco suso ata as coixas; estando asi por tres oras na vëa d' agoa salgada do mar, seca naturalmente as coixas do cavalo consumindo os humores et as enfermidades que decen aas coixas. Et pois que o da agoa trouxeren, devenlle
95 exugar et trager os pees et as coixas ante que o metan na estada ou na casa, porque, se entrar no estrado con as coixas ou con os pees mollados, per razon do fumo et da caentura do estrado fazense ennas coixas et nos pees enfermidade[s] a que dizen gallas, que quer dizer ovas que veen de maos humores, et esto non deve escaecer. Ao
100 cavalo deven tëer a manjadeira baixa antre as mãos, así que adur posa fillar con sa boca o feo ou a palla, et usando o comer asi que a natura et uso lle faran o colo et a cabeza seer máis ligeiros, et seer moi mellor d' enfrear; engrosará máis no alcafar et nas coixas et parecerá má[i]s fremoso per razon do premento que se faz sobre la parte deanteira usando a comer asi.

105 Item. Deve o potro comer feo, palla, herva, orjo, avea, espelca, que quer dizer melga, et as cousas semell[a]veles a esto, que naturalmente son para seu comer. Et se o cavalo for novo, deve comer ervas et feo con orjo et con outras cousas semellaveles, ou sen orjo, como herva et feo a avondo, ca estas co[u]ssas en[s]anchan et alar-

gan o ventre, et naturalmente acrecentan os nembros per razon da humidade. Et se o
 110 cavalo for comprido et de idade comprida, denlle a comer temperadamente orjo et
 palla, et esto non faz engrosar porla segura da palla, mais faz as carnes tesas et máis
 fortes et sera máis usador.

Et debes saber que o cavalo, para mellor seer, non deve seer moi goso nen moi
 magro, mais ontre ambos. Et se for moi goso, os humores sobejos decen aas coixas
 115 et geeranse i levemente doores; et se traballar, pódese perder per moitas doores ligei-
 ramente; et avonda ó cavalo sofrer sa gordeen temperada. Se for moi magro, desfa-
 lecerá en el a forza, porla gran magredüe de máis parecerá peor a quen o vir.

Et demais, pois que o cavalo for de idade comprida ou de máis, coma ervas doma-
 das et non domadas no tempo do verã tan solamente para se purgar, et esto per ùu
 120 mes; et non ande fóra ao aar, mais esté en casa cuberto de bõa cuberta, porque, se
 descuberto andase fóra, per razon da friura poderia adoecer.

(3 r.) Et quando orjo ou avea deren ao cavalo, devenno alimpar e [e]scudir do poo,
 primeiramente porque o poo aduz tosse et deseca as entradaias do corpo; et [a] agoa
 para o cav[a]lo deve seer mole et tivada, et ja quanto salgada et corrente pouco ou
 125 nimigalla, porque a agoa caente mole et grosa engorda máis que a outra. Et nota que,
 quanto a agoa é máis fria et corre máis tesa, tanto mēos cria [et] engrosa o cavalo, ca,
 se o cavalo non beber a avondo, non poderá fillar carne; proveita moito ao cavalo et
 dalle apetito de comer lavaren ameude con sal et con viño a boca de dentro.

En qual guisa se deve o potro ferrar et gardar.

130 Ferrar se deve o cavalo con ferraduras redondas conviniviles ás uñas, et deven os
 canelos das f[e]r[r]aduras seer estreitos et leves. Et quanto as f[e]r[r]aduras máis ligei-
 ras foren, tanto o cavalo alçará os pees máis ligeiramente. Et quanto a uña do cavalo
 usa no circoito do ferro máis estreito, tanto se faz maior et máis forte como conven.
 Nota que, quanto o potro for máis novo et máis cedo fe[r]rado, tanto avera as uñas
 135 moles et máis fracas, porque o uso d' andar sen fer[r]aduras cria as uñas máis duras.

Deven gardar que non cómia ne[n] beva o cavalo quando veer caente et suurento,
 et devenno cubrir dalgũa cousa et andar mansamente con el ata que arrefeezca; et sabi
 que o cavalgar moito da noite empece ao cavalo et, se enton veer suurento, non pode
 seer tan ben pensado como [de] dia para comer sua cēa como soe, et porque pode
 140 ligeiramente moito máis arrefecer porlo aar da noite, que é máis frio que o de dia; et
 por én val máis cavalgar en el perla mañãa. No tempo caente leve o cavalo cuberta
 de liño por razon das moscas; en tempo frio deve tēer cuberta de lãa. Non deven
 cavalgar o cavalo nen lle fazer nojo des juño per todo o mes meiado ata a cima d'
 agosto, mais devenno gardar, como dito é, en lugares frios; et deve usar d' ervas et
 145 doutras cousas verdes et, se en el cavalgasen, porla gran caentura que enton faz et
 porlo gran traballo poderse ia de dentro desecar. Et esto meesmo semellav[e]lmente

se deve gardar no mes de janeiro, porque porlo gran frio o cavalo (3 v.) caente ou surento ligeiramente arrefece.

Nota que o cavalo, para seer máis são, deveno sangrar na vea do colo quatro vezes
 150 enno ano, conven a saber: no tempo do verão ùa vez, enno estio outra, no outono
 outra, inverno outra, et tirenlle do sangue asaz. Et sabi que o cavalo que o asi for ben
 gardado como desuso dito é et que for temperadamente cavalgado, durará en sa bon-
 dade et en sa forza vinte anos.

Da ensina[n]ça et do custume do potro.

155 Digo que, no començo da ensina[n]ça et do acostumame[n]to do cavalo, primei-
 rament[e] devenlle meter freo máis fraco et máis ligeiro que poderen aver, et unte os
 mossos de mel ou doutras coussas doce[s]; et quanto no começo lle meos mal feze-
 ren no freo, tanto adeante mellor sofrerá; et devenllo untar para o receber outra vez
 mellor. Et pois que o potro receber o freo sen afan, devenno trager perla renda de ùa
 160 parte et da outra de mañña et de noite per algũus dias, ata que seja et vaa en paz a
 aquel que o perla renda sol trager; depois deven cavalgar en el mansamente sen espor-
 ras et sen sela et trigel-lo a destro et a seestro en pequeno paso volvendoo de ùa parte
 et da outra ferindoo mansamente con ùa vara et, se for mester, vaa ante el alguen a
 pee como desuso dito é; et devenno trager per lugar chão sen pedras des a luz ata a
 165 ora de terça; esto deve usar ata que o que en el andar o posa trager por u lle prouguer
 sen outro guiador; et tragendoo asi per espaço de ùu mes poñanlle mansamente a sela
 et cavalguen en el con sela ata o tempo do inverno. Et que[n] cavalgar o potro súbia
 mans[a]mente en el et non o mova ata que guise seus panos como conven, que filla-
 ria ende custume. Et pois veer tempo frio, devenno cavalgar et fazerlo trotar perlas
 170 margêes et perlas aradas mansamente pela mañña et tragerlo a destro revolvendoo
 máis a destro. Et devenlle encurtar no polegar a redêa destra et têer a seestra máis
 curta, porque o cavalo naturalmente tira máis ao seestro bolindolle con o frêo máis
 rigiamente; digo que deven (tornar) trager per aradas et per lugares chãos para fillar
 i uso d' alçar m[á]is levemente et máis fremosamente porlo uso de cada dia as coixas
 175 et os pees; et esto mesmo pode[n] fazer de razon. Se usaren cavalgar en el per tojos
 ou per lugares asperos a esto semellaviis, vén o cavalo usado [a] saltar et andar per-
 los lugares sobreditos, alçará as coixas et os pees máis apostamente polos outros
 lugares; et asi o que en el sever andar máis seguro et máis são. O cavalo que trotar
 ben et ligeiramente ao destro et ao seestro polos ditos lugares per maneira semella-
 180 vel, perla mañña en meor salto que poder o tragan a galopo; non deve[n] moito tra-
 ger a galope o cavalo, ca per ventura se anojaria et poderse ia (4 r.) depois ligeira-
 mente fazer revelador. Val moito que o que cavalga o cavalo a trote ou a galope man-
 dandoo dũu lugar para outro, traga na mão a redêa testa et os mosos do frêo no peito
 do cavalo, que amergue a cabeza aos peitos et encurve o colo, et esto se faça no

185 começo pouco et pouco et como vir que mester faz; et cumpre moito en esto estudo et caamento, et seeria proveito et saamento do cavalo et do que o cavalgar, porque, quando o cavalo trouver a cabeça incrinada et ao peito et chegada, dobrará o cavalo máis fremosamente, et, trotando ou agalopando como dito é, máis abertamente et máis craramente agardará seus passos, et mellor et máis ligeiramente se volverá ao
 190 destro et mellor se parará; et brevemente encomendo esto en todos os costumamentos do cavalo. Et porque da conteença da cabeça escrivi, por máis parte pertece ao frêo, por én conve[n] mostrar as formas dos frêos et as maneiras do enfrear.

Das formas dos freos.

Ūa forma do freo ha i a que dizen a barra, porque han duas barras avesas et a ūa
 195 longa, et tal frêo é ao cavalo máis ligeiro dos outros.

Item. Outra forma do freo chaman a medio morso, porque ha a meio morso aveso et ha duas barras et ūa delas se parte en duas partes; e este freo é máis forte que o outro sobredito.

Item. Outra maneira de freo chaman a medio morso semellavel ao sobredito de
 200 fallas tortas ou chãas, et ten maneira d' anel no moso do freo; et este é máis forte et máis tendudo que dos outros.

Item. Outro freo, a que dizen ad caraldum, ha o moso máis longo que os outros et chega ao paadal do cavalo et ten a boca do cavalo recadada no moso, do qual ha moitas fallas et desvariadas; et este é máis forte et máis cruu dos outros freos.

205 Item. I ha ainda outras maneiras de freos máis fortes et máis asperos, de que usan algũos proençaes, que leixo porla sua asperedũe.

Se o cavalo ouver a boca mole, ponlle freo doce et mole et, se a ouver dura, outrosi lle metan freo forte et duro, et depois cavalguen cada dia en el et tragano (et) mansamente et ameude perla vila onde ouver mester de ferreiros ou de çapateiros ou de
 210 outros qualquer mester que faça roido ou estron. Et se o cavalo esto ouver usado, perderá medo et sera máis usado et máis seguro; et pasando perlos ditos u ha gran roido et gran sã, se se o cavalo espantar, non o deven ferir con açorregos, nen con vara, nen con espora, mais devenno trager mans[a]mente con ūa cana afaagandoo et leva[n]doo perlos ditos l[u]gares amiude. Et se o per ventura i firise, fillaria o temor,
 215 espanto que nu[n]ca o perderia cada que oise estropos ou algũu roido.

(4 v.) Qual deve seer o que cavalgar no cavalo.

Ha mester que o que no potro cavalgar, para o ensinar, que suba en el, et d' estar ligeiro et mansamente para o mellor customar; et todo esto como é se deve gardar ata que o cavalo aja cinco anos, et enton aja todos os dentes mudados; et os dentes asi
 220 mudados, develle tirar en tempo de mullura et convinivelmente quatro dentes da

queixada de juso, dous da ña parte et dous da outra, os quaes dentes chaman escaues et son contrarios aos mosos do freo. Et esto acabado como dixen, se o cavalo for duro et forte de boca, soldadas as chagas de que lle os dentes tiraron, metanlle o frêo das varras, que é máis leve. Et se for boquemole, metanlle o dito freo no segundo ou no
225 terceiro día que o esfavelar[en] et cavalguen en el cada día levandoo perlo freo mansamente galopando como conven.

Dito ei que, se o cavalo ouvese a boca dura, que lle leixasen soldar as chagas, porque nas chagas as carnes novas se rompen máis cedo que as vellas, et pela tenridúe das chagas o cavalo tema máis o freo. Et outrosi dixen que, se o cavalo fose boquemole, que cavalguen en el no segundo ou no terceiro día, porque se soldan as chagas dos dentes a so o frêo et fazese i calo duro, et por ende pois a boca do cavalo se faz máis ligeira para enfrêar.

Nota que a boca do cavalo non deve seer moi dura nen moi mole, mais ontre ambas. Et esto parece, porque o cavalo non se podiria ben enfrear se lle non tirasen
235 quatro dentes como dito é. Et por én se segue moita prol ao cavalo, esto é provado, ca o cavalo engrossa per i máis, et perde felonía et brabura; et depois que o esfavelaren como dito é, deven cavalgar en el et tomar saltos pequenos et remetel-lo contra as bestas, per moitas veces entrando per elas et saindo, que fill[e] usança de as entrar et de se sair delas, quando mester for, mudandolle o freo mansamente et fortemente
240 como comprir.

Et deven cavidar que, se o freo for ligeiro et convinivel ao cavalo, non llo deven mudar, ca per mudamento dos freos dánase a boca ao cavalo que é e[s]favelado; et, pois o cavalo for ben enfreado, deven usar a correr con el. Deven a correr o cavalo perla mañãa ña vez na domaa per lugar chã e areoso, en començo per quarto de ua milla ou
245 máis se mester for, ou quanto viren que sera espaço de dous traitos de balesta.

(5 r.) Deves saber que, quanto máis ameude correren o cavalo et temperadamente, tanto sera máis ligeiro et máis corredor per razon do uso do correr, pero ña cousa lle é contraria: se moito usar a correr sen razon et como non deve, farase ardego e bulliçoso et revelador aas vezes, et perderá gran parte de seer ben enfreado; pero non
250 deven dar a escaicemento, pois que o cavalo for perfeito, que quer dizer ensinado et usado ao freo como sobredito é, que o non cavalguen para o fazer correr, saltar et agalopar temperadamente, porque, se o per longo tempo leixasen folgar, fariase prigiçoso et escaecerll' ia todo.

Da noscença do cavalo et do corpo del et das feiturás que deve aver.

255 Dito é da garda et da ensina[n]ça do cavalo na terceira parte, et na quarta parte digamos do conocemento da fremusura do corpo et das feiturás et dos ne[m]bros del.

A fremusura do cavalo dévese conocer [n]o corpo grande et longo; et que os nembros respondan ao corpo asi como conven; et a cabeza ligeira et convinivelmente

longa; boca grande et eslañada; os nares grandes et inchados; ollos grosos, non cava-
 260 dos nen escundudos; orellas pequenas et esperilladas; o colo longo et delgado contra
 a cabeza; queixadas ben ligeiras et ben secas; na coma poucos cabelos et chãos; o
 peito chão et redondo; cernella non aguda mais como tenduda, dereita et ancha; espi-
 ñaço curto como chão; lombos redondos como grosos; illaes asi como de boi; ancas
 longas et tendudas; nadiga ancha et longa; rabo grosso con poucos cabelos et chaos;
 265 coixas anchas et carnosas de dentro et de fóra; cambas et aventaes anchos et curvos
 como de cervo; demais coixas ben anchas, secas et velosas; as junturas das coixas, que
 son os noos de sobre los travadoiros, sejan grosos, non carnosos nen moito chegados
 aas uñas, a semellança de boi; os pees et uñas aja anchas, duras et cavadas, asi como
 conven. O cavalo bõo deve seer máis alto pouco de alcafar ca deanteira parte, como
 270 cervo; o colo aja alçado et seja grosso u se junta ao peito. Et por én quen a fremusura
 do cavalo quiser conocer conven que agarde altura del, et se os nembros responden
 comunalmente ao corpo. Et porque do cavalo dizen desvariadas opinioos, non é mes-
 ter que diga desto moito. Et segundo meu saber, digo que o cavalo que dizen baio,
 meio branco escuro, é sobre todos outros louvadeiro et chamanlle algũos baio (5 v.)
 275 craro. Et porque seeria moi lo[n]go dar razon a cada ùu ne[m]bro segundo sa feitaura,
 o que cada ùu conocerá per si, leixo a dizer desto. Et debes saber que a fremusura das
 feitasuras do cavalo máis abertamente et máis verdadeiramente se poden most[r]ar et
 conocer no cavalo magro que no grosso, que en seendo[o] encobre moito desa mingoa.

Das enfermidades naturaas et non naturaes que veen ao cavalo.

280 Dito é suso da fremusura dos ne[m]bros et das feitasuras do cavalo na quarta parte,
 et na quinta parte digamos das enfermidades del, que lle veen naturalmente et non
 naturalmente, que chaman accidentalmente.

Et por én primeiramente digo das enfermidades naturaes, que veen ao cavalo
 segundo como a natura; aas vezes per desfalimento ou per sobegedũe mingoa ou
 285 crece, pero crece para menos. Agarda quando o cavalo ouver máis longa a queixada
 de juso que a de suso, et quando o cavalo nace con dous rabos et aas vezes nace con
 ùu ollo alvo et outro negro. Et aas vezes nace con ùa peça de carne en maneira de graos
 enas coixas, et aas vezes nace con ùa parte do corpo con grosaen de carne sen coiro et
 sen cabelo en maneira d' avelãa ou de noz, et aas vezes máis et mēos, et amiude con
 290 sobegedũe de carne sobre lo coiro, a que dizen mora ou celso, et aas vezes nace con
 algũas sobeg[e]dũes de carne ou de landoas que se geeran ontre o coiro et a carne, et
 son chamadas landoas o[u] [e]scrofulas que dizen porcas. Mengoa a natura por certo
 quando o cavalo nace avendo ollo ou orella ou nares mēos dos outros; me[n]goa a
 natura quando o cavalo nace con ùa anca máis dereita que a outra, onde todavia a coixa
 295 en algũa é mengada, et tal cavalo chaman esculmato; mengoa de máis a natura et falle-
 ce aas vezes quando o cavalo nace con as coixas tortas de dentro et de tras. Et outro[si]

naturalmente nace aas vezes o cavalo con ùa enfermidade na cernella a que chaman jarda et con outra a que chaman galla, et outrosi nas coixas, et vén esta door do padre ou da madre, que esta enfermidade avia. Jarda é ùu inchaço mole a maneira d' ovo et
 300 aas vezes maior ou meor et nace asi de dentro como de fóra nas girretas. Galla é ova que quer dizer inchaço (6 r.) mole, [de] semellav[e]] tamaño como nos ou como avelãa, et aas vezes é maior et menor, et gérase a par das juntas das coixas, que son noos sobre los travadoiros, et outrosi a par das uñas, et ha nume segundo sa obra.

Capitolo das enfermidades et danaduras que veen ao cavalo accidentalmente de
 305 fóra.

Dito é desuso dos desfalimentos et mingoas et acrecentamentos et das enfermidades naturales que veen ao cavalo; agora digamos das enfermidades et dos danamentos que lle veen de fóra et non segundo natura.

Item. Na primeira parte digamos segundo o nume de cada ùa enfermidade ou
 310 danadura, et onde veen ao cav[a]lo; na terceira parte digamos de todaslas meeziñas que valen contra as enfermidades et danaduras, onde primeiramente digamos, segundo nós, os capitulos dos vocabolos de todaslas enfermidades et danaduras como se começan.

Item. De nominibus egritudinum et lesionum naturalium et accidentalium.

315 Item. Dos nomes das doores et danamentos que veen naturalmente et non naturalmente ao cavalo.

Item. De verme

Item. De verme volativo

Item. De anticore

320 Item. De strangullione

Item. De vivolis

Item. De dolore ex superfluo

Item. De ventositate

Item. De dolore ex indebite retencione urine

325 Item. De inflatione testicularum

Item. De enfondito

Item. De polmoni tragit (?)

Item. De spallaciis

Item. De barulis vel carbunculis (?)

330 (Item. De scabili vel carbunchis ??)

Item. De scabiei vel prurito veniente ad collum ex trunco caude

- Item. De male feruto ex (?) lu[m]bis
 Item. De lisione anque
 Item. De lisione spatule
 335 Item. De lisione falcis
 Item. De agravatione pectoris
 Item. De lisionibus crurum
 Item. De jarda in garrecta
 Item. De spavanis
 340 Item. De curba
 Item. De spinula
 Item. D[e] superossibus
 Item. De atinctione vel acançadura (?)
 (6 v.) Item. De gallis
 345 Item. De grappis
 Item. De crepatiis
 Item. De stortill[i]atura
 Item. De omnibus inflationibus curvine
 Item. De spina vel tru[n]co ligni in pede (?) aque (?) ver (?) fu[r]ma
 350 Item. De crepatia trasverssa
 Item. De cang[r]o
 Item. De fistula
 Item. De malo pinsanese
 Item. De seta
 355 Item. De omnibus lisionibus ungarum
 Item. De superpo[s]ita in corona
 Item. De inclavaturis que ta[n]gunt tuellu[m] vel vivo ungule
 Item. De inclavaturis que no[n] tangunt tuellom
 Item. De inclavaturis que ru[m]punt corona pedis
 360 Item. De ficu subter solarum
 Item. De disolaturis ungarum
 (Item. De disolaturis ungarum)
 Item. De mutationibus ungarum
 Item. De subatuto subter solan pedis
 365 Item. Robica de verme (?)

(7 r.) Titolo da dor a que chaman verme ou adragu[n]chos.

Verme é enfermidade accidental que se geera d' omores caent[e]s et sobejos, et coméçase no peito do cavalo ou antre as coixas a par dos collõos; et fazese ende inchaçon que dece aas coixas et quebra per moitos lugares como ucera; os quaes

370 humores, juntados en ñu per longo tempo, corren depois a ña landoa que an os cava-
 los naturalmente ontre ña parte et a outra do peito a preto do coração, et aas vezes
 antre as coixas arredor dos colloos, por ña door que sol aviir per razon dos espiritos
 et dos homores que i soen correr. Porque naturalmente toda cousa demanda et cobi-
 ça outra semellavel a si mesma, ende, os humores correndo para a door, aquela lan-
 375 doa ínchase et aquel inchaço veen ao peito et ás coixas. Et esto asi inchado, conven
 que no peito ou nas coixas rebente ontre o coiro et a carne per moitos lugares para
 sairen aqueles homores fóra en podredũe. Et se a esto non ouveren cura conviniv[e]l,
 liv[r]arse ha per aqueles lugares o cavalo dos homores et de quanta humidade en si
 tever, et depois esta door verralle outra.

380 Remedio contra a door que chaman verme.

Eu te ensinarei meeziñas conviniviis para esta door que chaman verme en esta
 maneira: quando as landoas creceren ou incharen enno peito ou nas coixas a par dos
 colloos do cavalo, deven logo sangar o cavalo nas vëas do colo en que o soen sangar
 da ña parte et da outra a par da cabeça, et en ambas las partes do peito et outrosi nas
 385 coixas ata que fique o corpo fraco et saian del cumunalmente os homores que i anda-
 ren sobejos; depois desta sangria, metanlle sedas nos peitos et nas coixas et corran-
 lle et levenlle esas sedas duas ou tres vezes no dia, conven a saber, aa mañãa et aa
 noit[e], para correren et seeren fóra aqueles homores de que se geerou a landoa, et
 non lle deven a acorrer nen a levar esas sedas senon a dous dias daquel dia que llas
 390 meteren. Ante que llas corran nen leven, deven a cavalgar no cavalo et tragel-lo ñu
 pouco a pequeno paso. Et non deve a comer herva nen fëo, et das outras coussas non
 deve a comer senon pouco para se manteer tan solamente, que a herva et o feo acre-
 centarian os homores et peorarian por én o verme se as comese. Et para (7 v.) aver de
 noite maior folgança deve estar en lugar frio. Et se a landoa ou o verme se non con-
 395 sume perla sangria et perlas sedas, ou por sobegedũe dos homores dece o inchaço aas
 pernas, deven sutilmente tallar o coiro ao longo et des i a carne, ata que chegue aa
 landoa ou ao verme, et, pois que a acharen, devenlla fillar con garfe de ferro et meter
 da ña parte et da outra os dedos et as uñas das mãos para tirar fóra de reiz o máis
 sutilmente et o mellor que poderen, así que non fique dela nenña cousa no lugar. Et
 400 esto feito, deita a estopa nas craras dos ovos anaçados et enche ende as chagas, et
 depois coseas con fio que non saia ende a estopa. Et se a chaga for no peito, por razon
 do vento leguenna con pano de liño ou de lãa, et non o tanga nen descubra ata tres
 dias, et des ali adeante laven con o viño caente as chagas duas vezes no dia, et á noite
 as craras dos ovos con azeit[e] et metan i estopa, et tiren én a primeira que coseron
 405 et poñanlle esta estopa de cada dia como dito é; et esta cura lle façan per nove dias.

Et depois acabados os nove dias, filla cal viva et mel craro, tanto de ñu como dou-
 tro, et pouco de bõo viño, et amasa todo desũu ata que se faça maça, et mete esta

maça no fogo, ata que se faça dela carvon, et deste carvon fage poo, et lava as chagas con viño caente duas veces no día, et fage as estopas miudas et talladas con cui-
 410 telo, et envolveas en aquel poo et ponas nas chagas. Enmentre, de cada dia corranlle as sedas et levenllas et anden en el ante como dito é, pero que non deven cavalgar ata tres días quando lle a landoa ou verme tiraren et dali adeante de cada dia cavalguen en el como dito é.

Et para destruír o verme, direiche outra cura máis sãa en esta maneira: fendudo o
 415 coiro ao longo et a carne ata o verme, lancenlle o poo do rosalgar asi como vires que cumpre, et pon encima do algodón et coseo ou o lega sobre la chaga en guisa que non caia ende o rosalgar; et non o tangas ata nove días, no qual espaço se roerá o verme maravillosamente. Et destruído o verme et roído, usen da cura sobredita. Et se per esto os homores non secaren ou restrangeren, que nas coixas ou nos peitos non lei-
 420 xen asaz furados asi como vix[i]gas pequenas; enton poras ferro fervente redondo na cabeza daquelas uceras ou vixigas que as queime; et garda como non tangas ña gran vea que jaz en traves no peito, que vai ata o lugar u se gera o verme, ata a reiz del. Et pois que estes (8 r.) foren queimados, lancenlle duas veces no día cal viva, tirada ante delas a coctura que teveren. Et nota que, se inchar a coixa da dor do verme, que
 425 debes a raer arredor aquel lugar que for inchado, et pon encima no cerco do inchaço semesugas para lle tiraren sangue quanto máis poderen tirar, et ponlle depois emprasto de greda alva et de vinagre todo desuu amasado, ou mete i o cavalo mañãa et aa noite en agoa fri[a]; esté i per gran tempo ata que se façan as coixas delgadas et sotis.

Titulo da door a que chaman verme volativo.

430 Aas veces aven que, por razon da dita door que chaman verme, fazese no corpo do cavalo uceras, et desvariadas, especialmente na cabeza, et aduz perlos nares homores como d' agoa. Et tal door como esta chaman verme volativo.

Item. Remedio contra a door que chaman volativo.

Esta meeziña faras contra esta door que chaman verme volativo, que se gera d'
 435 omores corrutos que soben á cabeza: para os tirares da cabeza sangrarás o cavalo en ambas las vëas das trincheiras et tiralle do sangue asaz, et metelle so a garganta cordas de sedeño sotis. Et do movemento destas cordas et do comer que deve fazer et de como desuso o cavalgar et do lugar frio en que deve estar, (et) faze en todo como desuso dito é na door do verme. Et se se esta door do verme volativo en cimeira [tor-
 440 nar] como soe a acaecer per moitas veces, fazelle como che insinarei depois en seu lugar.

Titulo da door do curaço[n]. *

Aven aas vezes que a landoa que chaman verme, que á no peito do cavalo, que é a preto do curaçon[n] et crece tanto perlos homores sobejos que i decen, asi como ja
 445 dito ei desuso, que o inchaço dela se volve en apostema. Et porque é moi chegada ao curaçon, é mester de lla acorreren cedo, senon poderiase perder ende o cavalo ligeiramente. Et a esta door dizen anticora, que quer dizer como door contraria ao curaçon.

Item. Remedio contra a door do curaçon.

(8 v.) Este remedio val contra tal enfermidade que vén do inchaço da landoa. Et quando vires esta landoa crecer ou engrosar máis que soe, devenlle a acorrer logo et tirarlla da reiz asi como tiran o verme, como desuso dito é. Et para esta enfermidade ou apostema, [se] é moi chegada ao curaçon, devenna tirar moi sotilmente. Et se no tramento desta landoa quebrar algũa vëa et se tornar en sangue, devenna apertar das
 455 mãos et lial-la con fio de sirgo et, se a non poder liar por razo[n] [do sangue sobejo], devenna a meter na chaga para [r]estañar esta meeziña: filla duas partes d' encenço et tres parte[s] d' aloes epatico, et faz ende poo et amasa este poo con craras d' ovos moito anaçadas et mesturalle moitos dos cabelos da lebore, et mete moito desto asaz sobre la vëa na chaga. Et outrosi val moito para esto o ziz et o cal mudo con craras
 460 d' ovos ben moidos. Et para esto cumpre moito o esterco rezente do cavalo amasado con a greda en forte vinagre. Et sábia que estas meeziñas, para estancar o sangue, non as deven a amover da chaga ata o terceiro dia ou ata o quarto, et depois façan á chaga a cura que fazen ao verme, salvo que non usen asi das cordas nen do comer nen do cavalgar nen do lugar frio de neña maneira.

465 Item. Da door do inchaço das landoas que chaman estrangullo.

Son outras landoas que cada ñu cavalo ha a par da cabeza, das quaes jazen alguas so o goto do cavalo. Et ínchase ás vezes et crece per razon dos homores que decen da cabeza do cavalo, que é fria. Da grosedõe et do inchaço delas ínchase todo o goto et asi se aperta que adur pode espirar o cavalo, et bebe mal et come mal per esta
 470 razon. Et a tal enfermidade chaman estrangullo.

(Remedio contra a door do estrangullo)

Remedio contra a door do estrangullo.

Contra esta enfermidade que chaman estrangullo faras esto: quando as landoas engrosaren ou crecieren máis que soen, logo poras cordas de sedas so o goto do cavalo et correl-las ás duas vezes no dia, á noite et á mañãa, et lev[a]rllas ás asi como con-
 475 ven, et untarás todo o goto con ma[n]teiga moitas vezes no lugar da door et cubri[r]ll'

ás a cabeza con lãa, et parao en lugar caente. Et se as ditas landoas non mingaren et se non desfezeren per estas cordas, tira as ditas landoas ao cavalo todas de reiz asi como o verme, et (9 r.) tal cura lle faras como dito é do verme; ou senon fenderás o
 480 coiro encima da landoa et poerll' ás encima o poo do rosalgarg como dito é. Nota que o rosalgarg, posto mesuradamente como se deve poer en qualquer lugar, come et roe asi como fogo toda a carne sobeja; et por én debes aver gran femença en poer o poo do rosalgarg, ca, se o poseren con mesura en como se deve poer, come et roe maravilhosamente toda a carne sobre que o pōen.

485 Item. De vivolas que quer dizer olivas.

Son ainda outras landoas que ha o cavalo ontre o colo et a cabeza en ambas las partes a preto das queixadas, que crecen ontre si per razon da reima que dece da cabeza. Et estas landoas inchanse de guisa que asi apertan as gorgomelas et estreitan o goto per que espira o cavalo que adur pode espirar nen comer nen beber, et fazen-
 490 no suar moito et deitar gotas d' agoa espesas et moitas polos ollos et per todo o corpo, et estendenselle o gorgomelo en tal guisa que o non pode dobrar nen encoller. Et se llo cedo non acorreren, sarranselle as arterias per que espira et dá et fere con a cabeza en t[e]rra et querse erguer et non pode. E a tal door chaman olivas.

Item. Remedio contra a door das olivas.

495 Q[u]ando as ditas landoas creceren asi como nozes, ou máis ou menos, trava delas logo et apretaas et fendeas ao longo con canivete agudo et acharás dentro como grãos; deita ende fóra os máis que poderes. Et esto faras en ambas las partes do pescoço. Et valiria máis de as tiraren todas fendendo o lugar con lanceta fervente, et tirenas fóra como se tira o verme. Et asi se cura como o verme, et non coma nen beba o
 500 cavalo depois que llas sacaren ata ùa gran parte do dia, et asi ficará curado.

Item. Dolore ex superfluitate sa[n]g[ui]nis, que quer dizer door que vén de sobegedūe do sangue et que faz deitar o cavalo.

Ás vezes ha o cavalo outra enfermidade que se geera dentro no corpo do sangue sobejo que jaz ontre as vëas, et faz torcer et bulir (9 v.) o cavalo, et inchanlle as vëas
 505 et querse deitar en terra, pero non lle inchan os illaas nen o corpo.

Item. Remedio contra esta door que faz inchar as vëas et deitar a besta.

Q[u]ando o cavalo ouver door de dentro do corpo et non queda de bulir nele, inchan os ollos pero que os garda (?) amiude da ùa parte et da outra, sangrao logo da

vea a que chaman cinlleira, et da ña parte et da outra tiralle moito sangue, et outrosi
 510 o sangra de qualquer vea do corpo de que poderes tirar sangue. Et pois que o san-
 grares, trageo perla renda mansamente en pequeno paso et non o leixes comer nen
 beber ata que se departa a dita door.

Item. De dolore ex ventositate, que quer dizer da door que vén de ventosidade.

Fazese ás veces door dentro no corpo do cavalo que vén de ventosidade que entra
 515 perlos poros no ventre et enno corpo del quando vén caente ou suurento et está ao aar
 ou ao vento et non o tragen nen pensan del, et esto lle faz inchar o corpo et latejar os
 illaes et acoita moito o cavalo.

Item. Remedio contra a door da ventosidade.

Contra a door da ventosidade tal remedio faras: fage canela de ñu palmo da máis
 520 grosa cana que achares et untaa d' azeite caente et metea o máis que poderes no cuu
 do cavalo, et legalli o cabo dela na raiz do rabo de guisa que non posa sair do cuu do
 cavalo sen recado. Et unta moi ben con azeite caente os illaes do cavalo et cubrio moi
 ben, et cavalga logo en el sen outra detença et vai en bon paso quanto máis poderes
 525 et sairá a ventosidade, et sairá perla canela onde quer que jouver no ventre. Et depois
 dalle a comer cousas caentes asi como trigo, feo, espelca ou melga; et dalle a beber
 agoa caente con viño et con semente de feuncho en boa cuentidade. Et depois dalle
 a beber agoa fria con ña pouca de fariña triga, et leix[a] o cavalo aver sede per tanto
 tempo que beba de grado todo esto et, para folgar máis, trageo per lugar caente moi
 530 paso, usando desta (10 r.) cura ata que seja livre et são da dita door.

Item. De dolore ex superflua comestione, que que[r] dizer da door que vén do
 comer sobejo.

Fazese dentro no corpo do cavalo outra door que vén do comer sobejo da cevada
 ou doutra cousa semellavel que se non moe no estamago, et faz inchar os illaes et
 535 aperta o cavalo tan moito que adur pode estar correito et con gran door que se deita
 en terra.

Item. Remedio contra a door do comer sobejo que se non moe no estamago.

Contra esta door tal remedio averas: filla as malvas ballofas et a branca ursina,
 que chaman gigante, et a paritaria, que é a[]fevega de coovra, et a mercurial, que é
 540 ortiga, et as violas, tanto de ñu como da outra; et coze todo con agoa en ola limpa ata

que mi[n]g[o]e a terça parte; en esta decauçon que ficar, deita boa contia de mel et d' azeite et de sal igualmente, tanto de ùu como doutro, et lança i das sementes do trigo, meixendoo todo, et fazeo cozer ata que mingoe a terça parte, et depois mete esta decauçon en vidraça ou en outro vaso limpo, et fillaa [et] faz cristel de ùu canudo
 545 longo et grosso, et meteo no cuu do cavalo et parao ao sopee et lançalle per aquel cristel aquela decauçon tibia et, tanto que lla lançares, tapalle o cuu con estopa ou con pano de guisa que non saia ende a decauçon sen recado et que ande per todo o ventre. Et depois fillen dous homes seños paos redondos et nedeos et untenos d' azeite caente et poñanllos nedeamente, premendoos da ùa parte et da outra começando na
 550 deanteira et indo premendo o ventre et os illaes rigiamente contra a çaga con aqueles paos. Et pois que asi esfregaren et trouxeren o ventre, saquen as ditas estopas ou panos do cuu do cavalo et cavalguen en el et levenno en pequeno paso contra lugares montossos et de reita, andando perlos ditos lugares ata que esterque ou lance fóra a dita decauçon que lle dentro meteron ou que faça ùu ou o al. Et asi cesarse ha esta
 555 door et sera o cavalo curado dela.

De dolore ex retentione urine, que quer dizer da door que vén de retimento da urina.

Geerese ainda outra door dentro no corpo do cavalo que vén de retimento da urina et faz inchar a vixiga et faz doores [et] estorcimentos de moitas guisas sen outro
 560 inchaço dos illaes et do corpo, pero que aas vezes lle faz ùu pouco inchar os colloos et a verga et fazlle ameude ferir os illaes et latejar.

Remedio contra o retiimento da ourina.

(10 v.) Estes remedios que se adeante seguen son certos et provados para a dita door. Filla o cardo benadito et a ervatu et a tasna et as reizes do espargo et juzbarbeira, tanto de ùu como doutro, et fage todo ferver desuu con agoa en ola nova et,
 565 pois que esto for ben coito, pono caente con pano arredor da verga qual vires que o poderá sofrer et liao moi ben et, pois for frio, acaenta todo outra vez ben et ponllo.

Para esto val moito se untaren as mãos d' azeite et esfregaren con elas a verga. Et outrosi a pimenta muda con allos et metuda perlo ollo da verga val moito.

570 Para esto outrosi val moito as sementes do trigo coitas con po[u]co d' azeite et se as meteren dentro perlo furado da verga.

Para esto é ainda cousa maravillosa et presta moito se o cavalo lançaren en algũu lugar con egoa ou con mua, et por esto logo verra a fazer ourina. Et nota que este pustrumeiro remedio da egoa ou da mua é moi proveitoso ao cavalo contra cada ùa das
 580 doores sobreditas, porque ha prazer dos doneos, esforça todaslas vertudes do corpo et fortemente as conforta.

Item. Do inchaço dos collõos.

Aven ainda outra enfermidade aos colloos do cavalo que os faz maravillosamente inchar, et esto fazen os homores sobejos quando per i decen; et aven moito quando
 585 comen as hervas en tempo do verã, porque porla verdura et porla humidade das her-
 vas et do tempo corren os homores a aquel lugar porque é baixo et espárgese per el
 levemente et dóese ende moito o cavalo. Et aas vezes aven asi que, per razon de gran
 carrega ou de gran traballo que ha o cavalo, caenlle os entestinos rompendo o mesen,
 que ha nome aquela pele que está ontre os entestinos et os colloos do cavalo. Et desto
 590 semellavelmente inchan os colloos ao cavalo et élle moi gran perigoo.

Item. Remedio para o inchaço dos collõos.

Aas quaes dores faras esta meziña: filla o vinagre ben forte et a greda alva muda
 et pouco de sal ben mundo, et amasa todo moi ben ata que se faça ende ùa pasta mole,
 et desta pasta cubri todoslos colloos moi ben et renovarll' ás esto duas ou tres vezes
 595 no dia et poerllas ás asi como da primeira.

(11 r.) Para esta door val moito se pararen o cavalo que a ouver en agoa que correr
 tesa mañãa et noite, et esté en ela metido ata os colloos ùa gran peça do dia.

Para esto val moito as favas esbrugadas sen tona et ben coitas con geullas novas
 de porco et ponas tibias sobr[e] lo inchaço.

600 Se se faz o inchaço dos colloos per razon dos entestinos que caen eno messen,
 que é ùu folello d' ontre eles et os collõos, crasten o cavalo que ouver esta door et,
 tirado o collon que for danado ou ambos, volvan logo a seu lugar os entestinos et
 cosan a fendedura et queimen a chaga d' arredor con ferro fervente et ancho, et curen-
 lle da chaga asi como ante curavan da chaga da pele dos collõos do cavalo crastado;
 605 et moitas vezes esta fendedura da pele sobredita dizen que é sen cura en algũos cava-
 los.

Item. Do espargemento do sangue et dos homores que fazen o cavalo estar atiri-
do.

A i outra enfermidade que vén ao cavalo do comer et do beb[e]r sobejo et aas
 610 vezes de gran traballo, porque, por razon do comer sobejo, et o humor et o sangue
 crece [et] espárgese perlas coixas do cavalo, embarga o cavalo que non pode andar et
 fazeno ma[n]quear de ùu pee ou d' ambos et na movida non pode as coixas carretar
 seno[n] adur et desviase moi mal et con gran careza. Et esta door vén perlo gran tra-
 ballo aas vezes en como dixen, porque os homores sobejos et o sangue corren para as
 615 coixas per razon do moito cavalgar, os quaes homores decen aos pees et ás uñas ligei-
 ramente daquel que esta door ha, se lle agiña non acorreren. Et aas vezes se faz a dita

enfirmidade quando algũa das ditas doores aperta tan moito o cavalo que, do cansaço grande et da door ou do escaentamento, os homores et a door se esparge mansamente perlos nembros et depois dece aas coixas. Esta enfirmidade chaman enfusio,
620 que quer dizer espargimento.

Item. Remedio contra espargimento do sangue et dos homores.

Contra esta enfirm[i]dade faras esta cura: se o cavalo for grosso et de idade cumprida, dalle logo a beber aa sa vontade primeiramente, et depois sa[n]grao d' ambas las vëas das trincheiras et outrosi d' ambas las vëas das coixas en que a sangria soen
625 a fazer, et s[a]quenlle moito sangue ata que semelle que enfraquece; et depois metanno en agoa fria corrente ata o ventre et parenno na vëa da agoa máis tesa, et alçali a cabeça que non beba nen coma ata que seja livre de todo. Et se o cavalo for novo ou magro, non beba nen coma co[mo] ja dixe, mais parenno en lugar frio et leguenlle o freo en lugar alto que alce a cabeça, et lancenlle pedras ou seixos redondos estrados
630 so os pees a avondo et, perla redondeça das pedras, bulirá ameude con os pees et con as mãos et con as coixas (11 v.), onde do gran movimento as venas das coixas, que son prigiçosas et atiridas porlos homores que i corren, empuxan a sa pesudüe pero asi ameude prema seus pees sobr[e] las pedras; et molla ña cuberta de lãa et cubrio dela et gardao que non coma nen beba nen esté a sol, et usalle desta cura ata que torne a
635 seu estado. Et nota que a dita enfirmidade non empece aos potros, mais prestalles, porque daquesto engrosan as tiv[i]as porlos homores que se volven aas coixas; mais algũs proençaes fazen outra cura a esta enfirmidade: cozan o orjo na agoa et desferran o cavalo, et ponllo caente nos pees et nas mãos con panos ben liados, et dali a comer da cevada asaz.

640 Item. Da door da polmoeira que chaman pulsivo.

Outra enfirmidade vëo ao cavalo a preto do polmon que sarra os furados de dentro per que espira o polmon, pelo qual çarramento o cavalo adur pode soprar como lle conven, et fazeselle que sopra moito perlos nares et ferenlle ou latejanlle os illaes, a qual door aven ligeiramente ao cavalo grosso, ca, per razon do traballo desaguisado et
645 da caentura et da gordeen que se dessolve, ençarranse ao cavalo as arterias do polmon en algũa parte a preto do polmon, aa qual enfirmidade chaman pulsivo ou polmoeira.

Item. Remedio para a polmoeira.

Contra a enfirmidade tal remedio é achado: primeiramente filla co[u]sas caent[e]s para dessolveren a sustancia da gordeen que é callada nas entradas do polmon en esta
650 guisa: fazelle beverage destas cousas adeante escritas: filla tres dramas de cravos

girof[r]les et tres onças de galingal et outro tanto de cardomomo et outro tanto de gengivre et outro tanto d' alcoravina et outro tanto de canela, et a semente do fuuncho en maior contia destas todas. Et todo ben mundo et pisado con ùu pouco d' açafra, des-
 655 temperao con viño branco et mestura con esta ùa peça de gemas d' ovos, et volve todo moi ben. Et deve seer esta beverage tan clara et tan sutil que ligeiramente a posa topir o cavalo; et gardenna en vaso limpo et depois lancena en corno de boi limpo et alcen a cabeza do cavalo contra o aar sen frëo, et denlle duas ou tres vezes no dia daquela beverage per aquel corno et teña [a] cabeza alçada per ùa peça de guisa que a beverage posa decer ás entradaias do corpo; et depois desto tragano (12 r.) perla renda a
 660 paso ou cavalguen en el ùu pouco para se estender a beverage perlo corpo et que a non posa bolver depois perla boca. Et non deve o cavalo comer nen beber per ùu dia et ùa noite para se non embargar a beverage que non posa obrar. Et para se temperar a beverage devenlle dar a comer en outro dia seguinte erva verde ou follas de canas ou de salgueiro, ou outras coussas verdes et rezentes quaes poderen achar. Et se a
 665 enfermidade for rezente, curarse ha per esto; et se é antiga, per ventura se podiria curar, pero aas vezes acha outro remedio para esta door: queima con ferro fervente os illaas, facendo en ambos duas liñas en mane[i]ra de cruz, et per restrengemento do fogo quando se defera os illaes moito do que soen ferir; et fendelle as ventãas ao longo para tirar per si et enviar máis ligeiramente o aar.

670 Item. Do agraveame[n]to a que chaman infustito.

Outra enfermidade vén ao cavalo que lle ten embargados os ne[m]bros et os nerveos, et aas vezes aduz asi inchaço et estira asi o coiro que adur o pode ome fillar nen apertar con os dedos, et non pode andar como se se sentise de fondo et aas vezes lagrimejanlle os ollos. Et esto aven quando o cavalo vén caente et suurento et o paran
 675 en lugar frio ou ventoso, porque entra enton o vento no corpo pelos poros que estan abertos per razo[n] da caentura et da suor. Et esto faz estar o cavalo atirido que non pode andar, et a tal door chaman infustito.

Item. Remedio contra o agoamento.

A atal door averas tal remedio que é moi provado: primeiramente pararás o cava-
 680 lo en lugar caente, et caenta enno fogo pedras et lanças so o ventre do cavalo; et cubri o cavalo de ùa cuberta de lãa et lança sobre aquelas pedras agoa caente, tanto que as façás fumegar en guisa que se volva o cavalo en suor todo. Et depois cinllalle aq[ue]lla cuberta et esté asesegado naquel lugar ata que se cunsuma toda a suor del. Et depois desto esfregalle os nerveos et as coixas ameude con azeite ou con mantei-
 685 ga; depois fage cernada da cinza das pallas do trigo et das allas pallas et das malvas, todo queimado desuño, et desta cernada, caente qual a poder sofrer, feiranlle as coi-

xas et os nervos, e non o mover daquel lugar caente et usenlle destas cousas ata que torne a seu estado.

(12 v.) Para engordar o cavalo coze as farzomas en agoa et tira depois o çumo da
690 carne delas et mesturao, con aquela agoa en que se cozeron, con poucos de farelos
ou de semeas et dao ao cavalo para beberage; et fazendolle esto, en poucos dias
engordará quanto quiseres.

Para esto outrosi val muito a calda das favas coita con sal; esto é provado.

Para matar a fistola filla o ratano, que é o sirgo da raposa que see nos codesos,
695 são, et viño, et ponno en ùa ola nova et leixao tanto cozer sobre lo fogo que se faça
del carvões, et destes carvões faras poo, que deitarás na fistola, et matal-la ás.

Contra a door que chaman lacerto, que quer dizer lagarto, mete agulla de ferro
fervente no meogo do tranço do rabo et saará, senon ponlle o fogo, que é o pustru-
meiro remedio.

700 Para o polmo fage (anel) anel de lentisco et pono en medio da f[r]onte do cavalo
asi como estrela, et se mester for, dalle ùu pouco et logo sera são.

Item. Do desecamento do cavalo.

Outra enfermidade vén ao cavalo que lle seca a deanteira et lle enmagrenta o
corpo todo et fazeo estercar ùu lixo que semella d' ome, et soeselle fazer no cuu
705 vermées ruvios et alvos. Et esto vén da magridade perlongada et do pouco comer et
do grande escaentamento. Et o cavalo que ouver tal door adur poderá engordar nen
fillar carne, et esta enfermidade chaman escalmato.

Item. Remedio contra o desecamento.

Deves dar ao cavalo que esta enfermidade ouver cousas frias et humidas tempera-
710 damente para lle lançar fóra das entradaias a secura que ten en si; et para lle fazer o
corpo humido, filla as violas et a alfavega da coo[b]ra et o gigante et as malvas, tanto
de ùu como doutro, et coze todo desuu con poucos de reloes de orjo. Et pois que todo
for ben coito, coa o caldo destas hervas per ùu pano conviniv[e]l asi como vires, et
deita en este caldo, que dizen decauçon, ùa peça de ma[n]teiga et de casia fi[s]tula
715 outro tanto. Et pois que se derreter todo, lança (13 r.) esta decauçon morna per cris-
tel no cuu do cavalo. Et fage en todas estas coussas asi como ja dito é no capitulo da
door [que vén do comer sobejo], salvo que esta decauçon deve seer deteida no ven-
tre do cavalo en quanto se i pode deteer, porque os entesti[n]os et o ventre del amo-
lecen per i mellor. Demais fazerll' ás beverage das gemas dos ovos et d' açafra et d'
720 olio das violas, todo amasado ensembra con bõo viño branco; et darll' ás esta bebe-
rage duas ou tres vezes no dia per corno de boi, asi como dito é na door polsivo.

Para esta door faras ainda outra cura: para o cavalo soo en ña casa per dous ou tres dias ou máis et non coma nen beba; depois dalle a comer do lardo do porco salpreso quanto del quiser, ca, per razon da fame et do lardo salgado, ligeiramente et de
 725 de grado comerá. Et pois que esto comer, dalle a beber agoa morna con fariña d' orjo avondo ata que a non queira. Et des i cavalga ñu pouco en el et anda a paso ata que se livre o ventre daquelo que o cavalo comer. Et depois que o cavalo esterocar et livrar o ventre et as tripas per razon dalgũas destas meziñas, volverá a seu estado asi como dante era et sera sã. Et ontre todas cousas que deren ao cavalo para o manteer groso,
 730 [denlle] o trigo limpo, coito con lardo et con pouco de sal; et ante que o cozan, seja seco ao sol ou allur, et denlle ende quantia de tres puñados duas vezes no dia ante que beba agoa, que o trigo asi coito cria [et] engorda o cavalo maravillosamente.

Item. Da door que faz esterocar raro et rugir as tripas, que chaman arragiato.

Outra enfermidade se faz enno ventre do cavalo que faz rugir as tripas et faz amiude
 735 de esterocar o cavalo cruu et raro como agoa; et, perlo muito esterocar, lívrase o ventre en tal maneira que adur lle ficará no ventre cousa que cómia. Et esta door vén do comer sobejo d' orjo ou doutra cousa semellavel que se non moe enno estamago asi como conven, et corre o cavalo; et vén aas vezes quando o cavalo bebe, pois que come orjo, sen outro espaço; et ás vezes vén se corren o cavalo, pois é farto da agoa,
 740 ou se o levan a galope; et moitas vezes se faz do inchamento do corpo do cavalo, que ha door porlo grande apretamento do corpo et do ventre, onde o cav[a]lo porlo dito vazamento do ventre afraquece tanto que adur pode estar sobre las pernas, aa qual enfermidade chaman arragiato.

Item. Remedio contra o rugi[r] das tripas et do esterco raro.

(13 v.) Contra a enfermidade do arragiato, que adur se faz ao cavalo seno[n] tan
 745 solamente quando moito orjo come et, ante que se moa, cavalgan apresa, (et) debeslle asi acorrer: quando vires o cavalo, cavalgando en el ou estando cedo, esterocar a longe esterco, como agoa raro, ou que lança orjo enteiro como o comeu, tirallo logo a sela et o frẽo et leixao andar solto a pacer aa sa vontade erva ou coussas verdes et non omo-
 750 sas, que ande de ñu [lugar] para outro. Et porque por razon desta enfermidade esterca esterco raro ameude máis que soe, por ende, andando o cavalo solto, livra mellor os tripos et o ventre; comendo como dito é hervas verdes, prestarll' an moito, porque se moen no estamago máis ligeiramente; o estamago, que estava fraco por razon do moito comer do orjo, livrars' á mellor et máis ligeiramente por razon do pacer das
 755 ervas. Et agardao que non beba, que, se beb[e]r, crecerll' á a door pela agoa que é sotil. Et [e]sto faça ata que o cavalo seja esforçado. Et ás vez[es] aven que se deita o cavalo en esta door et, se se deitar, fazelle como dito é no capitulo do infustito.

Item. Da door que vén do frio vello que chaman cimeira.

Ha i outra enfermidade que dizen cimeira, que dece da cabeza do cavalo, que é
760 fria, et diz continoadamente polos nares agoa ou humores frios et non ligeiramente,
quando o cavalo ten frio vello na cabeza; et vén ás veces da door que chaman verme
voador, onde o cavalo lança porlos nares toda a humidade da cabeza.

Item. Remedio contra a door que vén do frio.

Para esta door que dizen cimoira, que vén de humores frios et vellos na cabeza do
765 cavalo, ou doutra cousa, digo que deven logo cubrir a cabeza do cavalo con laa caente,
et esté en lugar caente et coma cousas caentes, pero soe prestar ao cavalo que ten a
cabeça fria pazer amiude ervas pequenas et tenras, porque, en mergendo a cabeza et
tirando as ervas con os dentes, decen da cabeza a moor parte dos homores perlos nares
para fóra. Et val aas veces a esta enfermidade o fumo da peça queimada se entra perlos
770 nares no cerebro, porque dessolve os homores antigos que son callados na cabeza.

Para esto val ua peça de pano apertada á cabeza, et depois u[n]tar aquel (14 r.)
pano con sabon mourisco et metel-lo levemente dentro nos nares et tiral-lo ende logo,
porque, se lle esto ameude fezeren, límpase o cerebro maravillosamente. Ende aven
ás veces que se livra per taes meziñas o cavalo, mais raramente, porque tal enfermi-
775 dade en moitos no[n] se pode curar.

Item. Da freura da cabeza que chaman mormo.

Outra enfermidade ha i que tragen doores a toda a cabeza do cavalo et fazeo tosir
et apertalle ali o goto, et fazelle inchar os ollos et aas veces lagrimejar, et nos illaes
latejar. Et esto vén ligeiramente quando meten o cavalo na estada moi caente et tira-
780 no depois ao vento. Et aas veces vén esta door per razon doutras fervoras, onde esta
door faz ó cavalo tosir et fazelle perder gran parte do comer et do beber; et esta
enfermidade chaman friura da cabeza.

Item. Remedio contra a friura da cabeza que dizen mormo.

A esta enfermidade faras tal cura: queimarás con ferro fervente redondo as lan-
785 doas que ten o cavalo ontre o colo et a cabeza so as queixadas, furando aquelas lan-
doas, et queimao sotilmente con ferro redondo na cabeza en meio da f[r]onte que os
homores que veen da freura saen fóra, et demais meterll' ás sedeños so a garganta
ende que os homores ajan carreira para sair fóra perlo movemento das sedas. Et teña
a cabeza cuberta sempre con pano de lãa et u[n]teno ameude fregandoo a de fóra con
790 ma[n]teiga.

Para esto val moito o olio de louro en ùa pea de pano de liño liado nos mosos do frēo, et con este frēo beba amiude; outrosi faz a savina, que é carvea, liada no frēo.

Item. Para esto val moito o fumo do pano do liño queimado recebudo perlo[s] nares.

795 Item. Para esto val o trigo ou o centēo coito et metudo en ùu saco et posto aos nar[e]s do cavalo, caente qual o poder sofrer; legao á cabeza en guisa que o posa receber o fumo perlos nares et comer do grāo, se o quiser comer.

Para esto val moito o caldo do trigo coito con poejos et con savina, deitado este caldo perlos nares, et teña a cabeza cuberta depois que llo deitaren.

800 Item. Para esto val ùa pea de pano liada na cabeza et apretada, et depois untada con sabon mourisco, et metuda perlos nares dentro quanto levemente poder ir, (14 v.) et depois tiraa fóra, espirará o cabalo et do moito espirar livra[r]s' á o cerebro et deitará o cavalo homores craros como agoa perlos nares; esto é camiño de livr[e]dōe.

Para esto val a manteiga mesturada con olio [de] louro posto ontre os nares, gar-
805 dando o cavalo das cousas frias et use das caent[e]s, et beba ameude agoa caente morna, asi como é contiudo na door da cabeza; et per tal maneira se poderia livrar.

Item. Do inchao dos ollos.

Aven aas vezes que da dita enfermidade ou freura da cabeza juntanse os homores et corren aos ollos et fazenos lagrimejar, et aas vezes aduz aos ollos nuves et escuri-
810 dūe et aas vezes pano, das quaes doores o cavalo non pode esgardar nen pode veer asi como conven.

Item. Remedio para o inchao dos ollos.

A estas enfermidades dos ollos faras taes meeziñas: primeiramente ao ollo que lagrimeja faras na fronte do cavalo estritorio, que quer dizer pegamao como empras-
815 to, et reel-lo ás a par das trincheiras; et filla o poo d' almecega et azeite et as craras dos ovos, et amasa todo moi ben et pono en pano de liño ancho de quatro dedos, et seja tan longo que atanga de ùa trincheira aa outra, et meio da f[r]onte ponlle este emprasto et teñao ata que se exuguen os ollos et, quando quiseres tirar este emprasto, mollao con azeite arredor et con agoa caente, et leva[n]tao levemente.

820 Para esto val queima[r] ambas las vēas das trincheiras que chaman meestras ou as acendan con fogo convinivelmente.

Se os ollos foren escuros per razon da ferida ou de reima que a eles decer, abriroll' ás os ollos en quatro dedos a de fóra et lanalle nos ollos sutilmente per canudo o sal mudo.

Et se os ollos teveren pano vello ou rezente, filla a siba et o sarro da cuba et a sal
825 gema, tanto de ùu como doutro, et fage poo de todo et (15 r.) peneirao moi ben et lanao nos ollos deste poo per ùu canudo duas vezes no dia asaz del. Para esto val [sal]

mesturado con esterco de lagarto mudo en poo et deitado deste poo sotilmente no ollo; et agardate non lle deites del moito nen sobejo, ca se destruírán os ollos. Et se o pano for vello, unta duas ou tres veces a escuridũe do ollo con grosura.

830 Item. Das doores de dentro da boca do cavalo.

Aven ás veces que se faz na boca do cavalo ña enfermidade de inchaço ou de landoas longas, en maneira de amendoas, que apertan de dentro as queixadas tanto que o cavalo non pode comer. Et aas veces ínchase toda a boca et o paadal tanto que adur pode comer, et chaman a esta enfermidade mal de boca.

835 Item. Remedio contra a door da boca do cavalo.

A esta door acorrerás en esta maneira: se o cavalo ouver toda a boca inchada, sangrao logo nas vëas de so a lengoa; et, depois que se livrar, filla bõa contia de sal et do sarro da cuba, que chaman tartaro, tanto de ñu como doutro; et fage poo de todo, esfrega ende de dentro toda a boca, deitando ante en vinag[r]e ou en viño forte et tartaro. Et se perla sangria ou perlas outras curas sobreditas as sobreditas landoas non me[n]gua-
840 ren, aberta a boca do cavalo como dixen, tallen aquelas landoas de raiz d' ambas las queixadas con ferro cumbo fillandoas et tirandoas asi fóra, lava as chagas con sal et con vinagre et con sarro de cuba. Et se ouver o paadal inchado, aberta prim[eir]o a boca como dixen, fende o paadal ao longo con lanceta ben aguda, et esfregalle a chaga do paa-
845 dal fortemente con sal non mudo. Et asi se livrará usando das cousas sobreditas.

Item. Do danamento da lengoa.

Dánase a lengoa do cavalo caente et fazese en ela moitas uceras et desvariadas, dánase ás veces do moso do freo et ás veces do mordimento dos dentes, et ás veces de ña enfermidade que chaman o mao polinise, onde o cavalo é atormentado et perde
850 gran parte do comer.

Et se se dana a lengoa dos dentes ou do frëo que trespase a le[n]goa (15 v.) aquen ou alen da meatade, tallen todavia a outra parte da lengoa; quando trespasa a lengoa, semella que se non pode curar, de que o cavalo peora pouco se perde algũa parte da lengoa; se o danamento for trespasado et pequeno ou ao longo da lengoa, fagen a
855 talladura, segun o danamento, pequena ou grande.

Item. Remedio contra o danamento da lengoa.

Fage tal unguento: filla o mel ruvio et outro tanto da carne grosa do porco salpresa et p[o]uca de cal viva et outro tanto de pimenta muda, et fage todo ferver desuo,

meixendoo ata que se faça ingüento; et de tal unguento poras nas chagas duas vezes
 860 no dia, lavandoas ante esas chagas con viño tibio; et non lle metan frêo ata que sejan
 soldadas as chagas. Se se fezer a danadura da door que chaman mao polinisi que
 desuso dito é [et] de que direi a cura en seu lugar, curada a door, curars' an as uceras
 da lengoa.

Item. Das doores do espiñaço do cavalo.

865 Dito é desuso das enfermidades do cavalo de que se fazen dentro no corpo do cava-
 lo aci[den]talmente que vén de dentro do corpo; agora digamos das danaduras que
 veen artificialmente sobre lo espiñaço. Sabe que moitas et desvariadas danaduras se
 fazen no espiñaço do cavalo pelo premento da maa sela, et aas vezes per sangue
 sobejo ou do honor da vixiga chêa de sangue con podreen miscrado, que rompe o
 870 coiro do cavalo et a carne no espiñaço, et fazese de chagas chãas pequenas et grandes,
 que son chamadas danaduras vulgadamente. Sabe que, quanto as danaduras son máis
 chegadas aos osos do espiñaço do cavalo, tanto son peores et máis pirigossas.

Item. Remedio contra as danaduras do espiñaço.

Aas quaes danaduras acorran con estes remedios seguintes. Et porque todaslas
 875 danaduras se començan de inchaço, por én lle deven acorrer no començo en esta
 maneira: q[u]ando vires inchar o cavalo en algũa parte do espiñaço, fageo raer no
 lugar que for inchado; et fage emprasto de fariña triga con craras d' ovos anaçadas,
 et pono con ña peça de pano de liño que cobra todo o inchaço. Et quando lle este
 emprasto tolleres, (16 r.) tolle[o] o máis ma[n]samente que poderes; depois, se se en
 880 algũu lugar apañar a podreen dese inchaço, furarás con lanceta aguda et caente na
 punta o fundo do inchaço ata que chegues ao v[u]rmo et que se posa livrar per i todo
 aquel mal, et depois untarás con unto de porco aquel lugar.

Item. Rómpese o espiñaço do cavalo, esfólase aas vezes et rómpese o coiro per
 razon de algũu encarrego ou por razon de sobegedüe de o sangue que sal perlo espi-
 885 ñaço, a que chaman verez. Et deven logo esto raer moi ben et poñanlle cada dia o poo
 da cal viva mesturada con mel, lavando ante as chagas con viño ou con vinagre caen-
 te, et gardeno que lle non poñan sela nen cousa ata que as chagas sejan soldadas. Et
 debes a saber que o emprasto da fariña triga con as craras dos ovos [val] para as cha-
 gas soldar, deitando ante nas chagas o poo da murta ou do le[n]tisco ou da galla.

890 Para esto val o coiro ou o feltro queimado ou liño podre. Nota que a cal et o mel
 solda mellor as chagas que neñu dos outros poos sobredits; ante que nas chagas lan-
 cen poo devennas lavar con viño ou con vinagre caente.

Item. Para nacer o cabelo no lugar, pois que a chaga for soldada, [val] a casca d'
 avelãa queimada con algodón vello et feito ende poo et mesturado con olio ou con

895 vinagre forte, et unten ende ameude et apreme et cunsume o inchaço do espiñaço et faz nacer o cabelo.

Item. Da danadura do espiñaço que chaman corno ou ña.

Fazese ainda ña danadura no espiñaço do cavalo que lle rompe o coiro et entra atees os ossos, et esto fazese de poimento da sela ou do gran peso. Et tal danadura
900 chaman corno.

Item. Remedio contra a door do corno.

Contra esta door averas tal remedio: filla as follas das couves et pisaas con ensulla vella de porco et pono sobre la door; et ponlle a sela encima ou ñu panal et apertao con a cinlla o máis que poderes et se aprima a meeziña contra a door.

905 Para esto val moi[t]o a escabiosa ou o malveisco pisada con ensulla vella de porco et posto encima.

Para esto val moito a cinza caente con azeite amasada.

Para esto val a ferruge mesturada con sal et con azeite.

(16 v.) Para esto val moito o esterco do home rezente.

910 Et nota que esta door que chaman corno desarreigase cedo se cavalgaren en el con sela, posta ante cada ña das meeziñas; et renovall' a meeziña. Et tirando de reiz o corno, (et) mete na chaga estopa petada, con cal envolta et con mel, et [e]nchea ende ben, toda lavada primeiramente a chaga duas veces no dia con viño forte ou con vinagre caente ata que a chaga seja soldada, et non lle poñan sela ata que seja a chaga sãa
915 [et] encoirada.

Item. Da door que chaman polmo.

Fazese nas costas do cavalo ña door que faz inchaço grande, et geerese daquel inchaço carnes podres. Et esto vén da sela, que é maa, ou do gran carrego que o preme moito; et aas veces dura moito este inchaço, fazese ende ña peça de carne
920 poçoenta que chega aos osos et sal vinino ou agoa. Et dizen a esta door polmo cumunalmente.

Item. Remedio contra a door do polmo.

Item. Tallarás o polmo darredor et tiral-lo ás todo de reiz et, el tirado, fende a danadura da parte u máis pender por se non retêer o vinino nen outra cousa de podreen na chaga; depois ponlle as estopas molladas nas craras dos ovos ña vez no dia ata tres dias; dis i cura dela ata que solde con poo, como dito é da door do corno, pero

que máis val a esto o poo do rosalgar se llo poseren, lavando ante a chaga con vinagre ou con viño forte.

Item. De espallatiis que chaman sostra.

- 930 Fazese ainda no espiñaço do cavalo outra danadura que faz inchar as espadoas et faz calo de carne sobre las espadoas que crece sobre lo espiñaço. Et esta door vén do grande prememento [da sela], et da obra que faz filla nome.

Item. Remedio contra a sostra.

- 935 A esta door que chaman espaduras, [se] foren duras, poerll' ás desuso, ante que as tires, para amolentar, o malvisco et as couves pisadas co[n] exulla vella de porco, todo ante coito en ña ola, ou senon poraslle a alosna, que é asente, et a alfevega et o gigante, todo coito con exulla de porco, et (17 r.) depois que se cozer, pisarse [á] todo moi ben et poerse [á] encima como emprasto. Et este amolantamento se faça ante que fendan as espaduras o[u] que lle lancen o rosalgar como ante dixen.

- 940 Item. Da door do ispiñaço que chaman barulo ou verez.

Fazese ainda no espiñaço do cavalo ña door que chaman barulo ou carbuncolo, a qual door vén de subegedüe de sangue ou de homores sobejos.

Et do conoimento et da cura desta door acharás remedio no capitolo das danaduras do espiñaço, que suso acharás escrito.

- 945 Item. Do proido et da sarna do colo et do rabo do cavalo.

Aven aas vezes que enno colo et enno rabo do cavalo fazese sarna et proido que lle arriga da reiz os cabelos et tanto o faz esfregar que se esfolia én todo. Et esto vén de sobegedüe de sangue et aas vezes de maos homores et chaman a esta enfermidade proido.

Item. Remedio contra o proido.

- 950 Contra esta door faras tal cura: sangra o cavalo na vea do colo en que se soe a sangar et tiralle do sangue asaz, et depois fage este engüento como ja dixen et deste unguento usarás ata que seja são.

Item. Para esto val o vinagre forte mesturado con ourina de moço et con çumo de citrangulo, esfregado ante o lugar da door, et, posta depois esta meeziña, sãará.

- 955 Para esto val o litargiro, que son fezes de prata, tornado en poo et amasado con ñu pouco d' azeite et con vinagre forte.

Item. Da door dos lombos et dos riis et do tramento dos nerveos, que chaman mal feruto.

960 Outra enfermidade que chaman mal feruto ha i que trage doores aos lombos et aos riis do cavalo, et tira os nerveos dos lombos et dos riis moi sen mesura. Esta door vén de sobegedüe de maos homores et aas vezes de frio vello et aas vezes perlo (17 v.) gran peso posto amiude et sen prevision sobre lo espiñaço; et per razon de tal door adur se pode alçar o cavalo sobre la parte pustrumeira nen levar as coixas. Et a esta enfermidade chaman mal feruto.

965 Item. Remedio para as doores dos lombos et dos riis.

Tal meeziña faras contra esta door que dizen mal feruto: reerás primeiramente os lombos ou as rões do cavalo; depois faras pedamaço desta guisa: reterás o pez, estendello ás en pele que posa cubrir os lombos et as rões d' ancho et de longo; et depois fillarás duas dramas de bolo armenico et do armonico et do pez grego et do ga[]bano et do encenço branco et d' almecega et do sangue do dagron et d' agalla; et de todas estas fillarás igualmente, tanto de ùu como doutro, et faras ende poo; et deste poo deitarás sobre lo pez da pele, et seja o pez caente; et poras todo enna dita pele sobre los lombos ou sobre las rens et cubrano moi ben, et non llo tollan ata que se desaprendan de seu levemente ou que mude o cabelo co[n] lo emprasto.

975 Item. Para esto faras ainda outro pedamaço que é mellor: filla a consolda maior et bolo armenico et o galbano et o armanico et o pez grego et almecega et o encenço macho et o sangue do dagron, et seja tanta cantia de pez et da almecega et do encenço como de todaslas outras cousas asũadas, et façase poo de todo; et mesturenlle ùa peça de fariña de trigo, et amasen todo con craras d' ovos, et, pois que todo for ben
980 amasado, estendan esta maça torra en pano de liño, et tamaño que cubra todo o lugar raudo en que é a door, et non lle tollan este emprasto ata que se el non tire levemente de seu.

Item. Pero ha i outro remedio que é pustrumeiro: queimarás con ferro fervente os lombos et as rões de ùa parte para outra facendo vergas ao longo et ao traves. Porque
985 os ditos emprastos soldan as rões et os lombos et restrengen os homores, per cada ùu destes remedios et meeziñas (18 r.) se deve curar o cavalo que ouver esta door.

Item. Do manquiar per razon do encabrestamento ou doutra cajon semellavel.

Fazese ainda outra door ao cavalo que aven per cajon, quando escorrega o pee ao cavalo na saída da estada, ou no correr, ou no andar, ou no desviar, ou se encab[r]esta
990 no cabrestol ou nas rendas, metendo en elas os pees ou as mãos; et a esta door chaman esculmato.

Item. Tal remedio averas contra esta door que chaman escalmato: pon encima da hanca sutilmente ùa estrela ou espello, per que ajan os homores que decen aa door camiño de sair per i, et bulirás con ese espello ou estrela moitas veces no dia, pre-
 995 mendo et tragendo arredor que posa máis cedo seir per i fóra a podreen; et movan o cavalo en pequeno paso que por razon do movemento corran os homores á estrela ou espello. Depois faras en esta guisa ùu emprasto: filla o pez grego et a rizina et o encenço branco, que chaman macho, et almecega et ja quanto sangue de dragon, pero seja quanto o pez soo como todaslas outras coussas; et fage ende poo et fageo reter
 1000 desũu et pono caente sobre la anca do cavalo qual o poder sofrer et estendendo per todo o lugar da door, et depois logo lança per cima asaz da estopa ben metuda et non lla tollas ata que caia de seu con o cabelo.

Item. Para esto val moito cordas de sedeños metudos en cruz no lugar doente, movendoos et leva[n]doas amiude como conven para seir per i os homores que corren
 1005 ao lugar doente. Para esto val o pustrumeiro remedio: que queimen ao lugar danado da anca ao longo et ao traves con vergas convinivil[e]s, porque o fogo naturalmente aperta os homores como dito é, et asi curarás a dita door.

Item. Da door da espadoa ou da anca.

Dito é das doores que se fazen nas espadoas ou na anca do cavalo, ainda que na
 1010 danadura da espadoa vén aas vezes outra door de couce doutra besta (se o foren), a que chaman espallato. Et desta door curarás asi como ja desuso dito ei no capitulo da anca.

Item. Do danamento das queixadas.

Aven aas vezes que se dana a queixada do cavalo per desvariadas cajoas, dánase
 1015 ferindose en lugar duro ou de couce doutra besta et aas vezes (18 v.) entrandolle na queixada pao, escadea o[u] espiña, de que se dana a queixada en algũa parte et aas vezes incha toda; et porque a queixada é lugar dilicado, nervoso et de pouca carne, por én se sente o cavalo ende moito quando i ha algũa door; a qual door chaman danadura da queixada.

1020 Item. Remedio contra o danamento das queixadas.

A esta door das queixadas faras tal cura: se a danadura ou inchaço se faz de ferida en algũu lugar duro ou de couce de algũu cavalo, poeras primeiramente toda a danadura ou jnchaço; depois filla as follas d' alosna et da alfavega et do gigante, et pisa todo con exulla vella de porco en bõa cantidade et fage todo ferver densũu et lan-
 1025 çalle pouco de mel et d' azeite et de fariña triga, meixendo todo ata que se coza et,

pois se cozer, pono tibio con pano de liño como emprasto et legao todo na danadura, et este emprasto lle mudarás duas ou tres veces no dia.

Para esto val emprasto feito de çumo da alosna et do apeo et de cera et de exulla de porco vello et pouco de viño branco, et ferva todo esto desũu con fariña triga et, 1030 pois asi for todo cozido, pon este emprasto sobre lo inchaço sobredito. Para esto val emprasto feito de çumo de alosna et de mel et de manteiga, tanto de ñu como doutro, et ferva con fariña triga mixuda todo desũu et, pois que for coito cumunalmente, poñano como emprasto no lugar doente et seja ante tibio qual o poder sofrer.

Et se for a danadura d' escadẽa ou d' espiña que lle entre, dévese curar asi como 1035 outra chaga en como en seu lugar direi vurmo no inchaço, furenno con ferro caente ata o fondo do inchaço para se livrar ende aquel mal et unten depois duas ou tres veces no dia con manteiga ou con unto aquel lugar. Et se se fezer sobreoso a aquel inchaço, queimenno cumunalmente con algũu ferro.

Item. Do correghemento dos peitos que chaman gravedũe.

1040 Aven aas vezes que o peito do cavalo é tan pesado que adur alça os braços et esto aven de sobegedũe de sangue ou de gran traballo ou de gran carrego.

Item. Remedio para o encarregamento do peito.

(19 r.) Remedio contra esta door do sobreoso.

Atal cura faras a esta door que chaman espulla ou sobreoso: queima aquel lugar 1045 con ferro ao longo et ao traves, et faras as queimaduras espesas convinivelmente como vires que mester faz, et curarás estas queimaduras como suso dito é. Et nota como o fogo seja o pustrumeiro remedio de todaslas meeziñas do cavalo. Sempre as liñas das queimaduras se deven fazer altas convinivelmente, que o cavalo non veña outra vez a seer queimado.

1050 Item. Fazense ainda moitos sobreosos et desvariados nas coixas do cavalo que veen per desvariados cajoos et aas vezes do couce doutra besta et ás vezes ferindose en algũu lugar duro, que non empeece tanto ao cavalo aas vezes como o desfea, et non tan solamente enas coixas como en outros moitos ossos do corpo do cavalo per cajon. Et por a maior parte esta door do sobreoso se começa en inchaço.

1055 Item. Remedio contra a door do sobreoso.

Como se começa a fazer o sobreoso da carne de calo per razon do osso que foi ferido, quando aquel calo vires nas coixas do cavalo, acorrerlle ás logo en esta guisa: primeiramente raerás logo aquel calo, dis i toma alosna que seja tenra et alfavega de

covra et o apeo et o gigante, et pisa todo desuu con exulla de porco et cozeo moi ben;
 1060 et pois que todo for coito, pono como emprasto caente, qual vires que o poderá sofrer,
 sobre aquel calo ou inchaço et legao moi ben. Nota: sabe que este amolentamento val
 moito para todoslos inchaços das coixas do cavalo que veen de ferida algũa.

Para desfazer aquel calo val moito o malvisco et a raiz do lilio et a raiz do teixo
 et o barvasco, pisado todo con exulla de porco et coito desũu et posto como empras-
 1065 to con ùa peça de pano, et renovar amiude ese emprasto duas ou tres vezes no dia.

Para esto val moito a cebola asada con miucas que nacen na terra et o ovo anaça-
 do con azeite et asado ata que espese, et poerlle esto caente todo como emprasto duas
 ou tres vezes enno dia. Et valen estes emprastos aa calosidade se for rezente, mais, se
 for vella et dura, dévese reer, como ja dixee; con ùa lanceta escarvarana meudamente
 1070 para del sair todavia sangue; depois ponlle encima sal et sarro de cuba, tanto de ùu
 como doutro, mundo ensembra, ben mundo; et apertao ben con peça de pano et leixo
 estar liado per tres dias; depois deslegao et unta aquel lugar con ma[n]teiga.

Untura:

Para esto val o ovo, torrado ata que se faça duro, et depois tollelle a casca et faz
 1075 tal como bolo, et pono encima caente, pero nembrat[e] que ante seja reido o calo
 como dito é, et renova[r]ll' ás este ovo duas vezes no dia (19 v.), et máis se vires que
 é mester.

Para esto val emprasto feito d' esterco de cabras et de fariña d' orjo et de greda,
 que é gales, amasado todo con vinagre, et poerllo encima; et se per ventura esta calo-
 1080 sidade non se desfezer per estes emprastos et se tornar en sobreosso, queimena con
 queimaduras conveniveles, que é o pustrumeiro remedio, como dito é.

Remedio para a encalçadura.

Fazese per cajo[n] ao cavalo outra door no nerveo meestre que vén das coixas a
 de dentro, a que dizen encalçadura; et esto vén quando o cavalo corre ou anda teso,
 1085 se fere con o pee a mão a de dentro nos travadoiros et tange aquel nerveo que dece
 da coixa; asáñas' ende o nervo et incha, et manqueja ende o cavalo.

Remedio para a door a que chaman encalçadura.

Porque da encalçadura incha o nervo, deven a sangar o cavalo na vëa que soen a
 sobre lo geollo de dentro, por se livraren os omores que logo corren ao lugar da door;
 1090 des i faze emprasto molificativo que val moito contra o sañamento dos nerveos; filla
 o fenum (et o) grecum, que quer dizer alforva, et a liñaça et esquilla, que quer dizer
 cebola alvarraã, et termentina, que semella algedran, et a reiz do malv[i]sco, tanto de

ũ como doutro per igualdade, et pisa moi ben todo con exulla vedra de porco et faz ende ña masa et coze todo con viño, meixeo ameude ata que se coza ben, depois pon-
 1095 llo caente, qual vires que o poderá sofrer, en pano de liño ao longo do nerveo que é inchado et legao moi ben; et esto lle mudarás duas veces no día.

Para esto val a cebola assada pisada con miucas da terra et con as lesmez et con manteiga retuda desuu, todo amasado et coito et meixudo todo ata que se torne espe-
 1100 unguento. Et se a encaçadura for vella, sangrao na vëa que jaz ontre a juntura et o pee no travadoiro et a de lado de dentro ou de fóra, et ponlle depois as ditas meezi-
 ñas, que ja desuso dixen. Et usando per algũos dias destas meziñas, se non prestaren á encaçadura toda moi ben, (et) poraslle emprasto feito de poo ruvio et de fariña triga amasada con craras d' ovos, et lial-lo ás moi ben ao longo do nerveo da parte da
 1105 encaçadura; et teña este emprasto per nove dias; depois tollerll' ás este emprasto mollandoo arredor con agoa caente et untarás o nervo con untura. Et se esto non pres-
 tar, queima o cavalo como dito é.

Item. De gallis que chaman ovas.

Fazense ainda arredor das ju[n]toiras das coixas a par dos pees do cavalo gallas,
 1110 que chaman ovas, et, pero que veñan naturalmente como ja dixen, moitas veces (20 r.) veen de fóra da natura, asi como fumo do esterco do estrabo quando o cavalo vén de fóra mollado et o paran na estrada, et o fumo do estrabo desolvella os homores et fazeos decer a fondo, de que se fazen ovas. Et ar aven quando o cavalo [é] novo et o corren ou traballan con el moito, que fica cansado.

1115 Item. Remedio contra a door das ovas.

Algũos usaro[n] a curar das ovas en esta guisa: fendian con lanceta aquel lugar que era inchado como vixiga et tiravan aquel inchaço ou vixiga con as [u]ñas para fóra, ou rompian o coiro ao longo et lançavan dentro rosalgar que desfazian aquelas vixigas. Aprendi que de tal cura como esta renovan as ovas outra vez por razon dos
 1120 homores que decian [a] aquel lugar, pois que era asi chagado et non se curavan ben; demais aquel lugar é moi perigoso para tallaren, porque é na juntura das coixas et nervoso et oso, d' arterias et de vëas entricado. Et por én devense cavidar de o fender nen tallar en nenña maneira, mais é mellor et máis sã que o cavalo que ten ovas que o paren [en] agoa fria na vea u correr máis tesa ata os geonllos et teñano i ña gran
 1125 peça á mañãa et á noite, e esto per algũos dias ata que se desfaçan et mengüen as ovas perlo apretamento d' agoa fria et tesa; depois queimen ao longo et ao traveso arredor das junturas as ovas con verga convinivelmente; des i curarás das queimaduras como dito é, asi minguarán as ovas et non poderán adeante crecer.

Item. De grapas que chaman danamento das juntas.

- 1130 Fazense grapas nas juntas dos pees que chaman danamento das juntas. Et tal cura faras contra esta door: primeiramente faras pelar todoslos cabelos das juntas do cavalo que ende for doente, et para os fazer pelar filla tres partes de cal viva et a quarta parte d' azernefe, et moe todo, meixeo en agoa fervente et cozeo tanto que, se lle meteren a pena da galiña, que a pele; et de tal decauçon, caente quanto o cavalo
 1135 poder sofrer, untarás a junta danada. Et asi leixa teer i aquela decauçon arredor da junta ata que se dela pelen ligeiramente os cabelos; depois laven con agoa caente a door et a junta para caeren ende os cabelos. Et os cabelos asi tirados, coze malvas et os farelos con sevo de carneiro en agoa, et daquel caldo lava a[s] juntas danadas et ponlle encima como emprasto a sustança que ende ficar; et lia[a] con ñu pano et
 1140 con corda et teña de dia et de noite. Depois untarás as danaduras con unguento de sevo de carneiro et de cera et de goma (20 v.), tanto de ñu como doutro, coito todo ensembra con pena de galiña, duas [vezes] no dia, lavandoas ante as danaduras con viño fervente caente et, elas ixutas, depois untallas do dito unguento ata que as danaduras desta door sejan soldadas, gardandoo non se tanga d' agoa nen do estrabo; et
 1145 soldadas as chagas como dixee, leguen con corda a vea mestra da coixa, et sangrenno a de dentro como é contiudo no capitulo que dizen espavanes; et livrando ende conviniv[e]lmente o sangue, queimarás de moitas queimaduras convinivilis a dita danadura, asi como ja desuso dito ei; pero dev[e]s saber que tal enfermidade das grapas que adur se poden ben curar nen perfectamente.

1150 Item. De crepatis que chaman gretas.

Fazense ainda enfermidades ontre as juntas das coixas et as ñas que rompen o coiro et a carne a maneira de sarna et tragen caentura a que dizen gretas. Et gérase quando a besta meten mollada no estrabo caente ante que a exuguen.

Item. Remedio contra as gretas.

- 1155 A door das gretas dévese curar como a door sobredita das grapas, salvo que [a vëa] se non deve a liar nen queimar, seno[n], tirado[s] os cabelos, usar do dito unguento, que é mer[a]villosos para as gretas: toma fulugen et tres partes d' azinlleve et outras tres d' ouropimente, et pouca de cal viva et de mel craro tanto como todo esto, et amasa todo ata que se torne espeso como unguento; et lava as gretas con viño
 1160 caente et exugao ben, et depois ponlle deste unguento ñu pouco caente duas vezes no dia; et garda sempre o cavalo que o non tanga naquel lugar agoa no estrabo, pero sabe que lle valerá moito d' estar mañãa et noite na agoa do mar, exugalo depois et untalo do dito unguento, que val moito contra as gretas, ca as estreita et solda moi

ben. Et val ainda para esto o citranguo posto encima ata que se cunsuma esfregado.
 1165 Et nota que o dito ingüento da feluge et do azillave et do ouropimente estrange et solda maravilhosamente as gretas.

Item. De estortil[i]atura que quer dizer ensartilladura.

Aven ás vezes ainda ao cavalo que se sente na juntura da pustrumeira parte da coixa, que é nos noos de sobre los travadoiros; et esto vén de ferida que o cavalo dá
 1170 con o pee en algũu lugar duro ou d' escorregamento de pee, que escorra no correr ou no andar, ou se puxa o pee en vago. Et porque aquel lugar é delicado et [de] nervos et d' arterias entricado por razon das junturas dos osos, o cavalo a que vén esta door chamanlle ensartilladura (21 r.) (filla da fo[lla] do salgueiro) et manqueja no andar.

1175 Item. Remedio contra a ensartilladura.

Tal cura faras á ensartilladura: fage cozer os farelos ou sementes do trigo en vinagre forte et mete con esto ña peça de sevo, et mete todo ata que espese fervendo ao fogo, et depois pono caente, qual o poder sofrer, sobre la juntura insartillada et legao con ñu pano, et esto lle renoven duas vezes no dia. Et se inchar o lugar porlo asañamento dos nervos, fage emprasto da alforva et da semente lineii et da cebola alvarrãa
 1180 et das outras coussas que son contiudas no capitolo ante deste, et pono sobre la juntura que é doente. Et se por razon do ensartillamento se mover osso do seu lugar, alça o outro pee que for são do cavalo et legallo no rabo o mellor que poderes; et pois trage o cavalo porla renda mansamente per algũa ereita subindo para suso; et per esto
 1185 o osso que andar [solto] vólvese a seu lugar asi como conven; mais, ante que esto façan, deven poer ante no lugar doente emprastos molificativos como ja dixen. Pero aven ás vezes que na juntura assi se desjunta ñu osso doutro que adur ou nunca se pode ben juntar, et deste desjuntamento vén inchaço duro a que deven acorrer con coituras ou con fogo, que é pustrumeiro remedio.

1190 Remedio contra o inchaço das coixas.

Ás vezes acaece que todaslas coixas do cavalo se inchan per razon de sobegedõe dos homores que para i decen. Et esto soese fazer quando o cavalo come ervas tenras, et os omores enton movense perlo corpo del et decen ás coixas et fazennas inchar, do qual inchaço se faz o cavalo prigiçoso et pesado na parte pustrumeira, que son as
 1195 pernas.

Item. Remedio contra o inchaço das coixas.

Lega primeiramente na coixa do cavalo que for inchada aquela vea que chaman mestra et sangrao en esa vëa et, tirando ende o sangue asi como conven, fage emprasto da greda alva amasada con vinagre forte et con pouco de sal ben mudo; et deste
1200 emprasto cobre todo o inchaço da coixa et ponllo duas veces no dia.

Para esto val moito o esterco das cabras et outro tanto da fariña do orjo, amasado todo con vinagre forte, et deste emprasto cubre toda a (21 v.) coixa inchada et renoualle este emprasto duas veces no dia.

Para esto val reer o lugar inchado et cercal-lo de semesugas para livrar ende o san-
1205 gue que i ha para seir fóra et, se per estas cousas todas non desincha, poñalle coituras de fogo et curenas asi como ja dixen.

Item. D' espiña ou estrepe que entra na mão ou no pee do cavalo ou allur.

Contece aas veces que, per cajon, nas junturas ou nos geollos ou nos pees ou en outra parte do cavalo entra espiña ou estrepe ou escadëa de madeiro et fica ontre
1210 a carne en algũa maneira; daquela chaga incha todo arredor et ás veces toda a coixa, moormente se a espiña ou a escadëa tangen algũu nervo, que faz o cavalo çopegar.

Remedio para tirar a espiña ou estrepe.

Dévese primeiramente raer toda [a] chaga d' arredor et toma depois tres cabeças
1215 de lagartixas pisadas ja quanto, legaas sobre la chaga.

Para esto val as reizes das canaveas et as reizes da ervatu pisadas et postas pisadas sobre la chaga.

Para esto val as lesmez pisadas et amasadas con manteiga et depois coitas, pero, depois desto, postas as sobreditas ameude renovadas, tiran para fóra maravillosamente, donde quer que jascan, a espiña ou o estrepe. Et tirada a espiña ou estrepe,
1220 curen da chaga con crara d' ovo et con outras coussas que soldan, así como nos ditos capitulos é dito et contiudo. Et se ficar algũa escadëa desto nas coixas que non seisen fóra, faze emprasto da alosna et da alfavega de covra et de gigante, pisado todo esto con exulla vedra de porco et amasado con fariña de trigo et con pouco de mel et
1225 coito ao fogo en ñu testo et pois posto caente sobr[e] lo lugar, et legallo moi ben et leix[a]llo i seer per algũu tempo et depois preme ben aquele lugar et sairá ende quequer que de dentro ficou. Et sabuda cousa é que, a todo asañamento et inchaço mole e rezente que se faz fóra de natura et de ferida nas coixas et nos geollos ou nas junturas, asaz lle val este emprasto molificativo d' alosna et da alfavega et das ditas cous-
1230 sas, como dito é, posto et renovado ameude sobre lo inchaço.

De furma que é door de que se gera o sobreosso.

Furma é enfermidade que se gera nas junturas do pee et a uña et propriamente sobre la coroa do pee, et coméçase en inchaço ou en calosidade [de] (22 r.) carne sobre lo pee. Et esto se vén de ferida en algũu lugar et soe per moitas vezes acaecer
 1235 per razon da maa estada que o cavalo ha. Et no começo desta door, en quanto é nova, develle acorrer, ca, se envellecer, fazese sobreosso duro que se estende perla corõa do pee et embargará moito a besta, que no[n] pode andar asi, a trage mal.

Remedio contra esta door a que dizen furma.

Se esta door for nova ou vella, tal cura lle faras en todo como che ja dixe et ensi-
 1240 nei enno capitulo dos sobreossos. Et sabe que tal enfermidade embarga moito o andar á besta et ll' é moi nojosa door, porque o logar u se gera et cria é nervosso et cheo de vëas et d' arterias et de cada lado entricado.

De magna crepacia que chaman seda que se faz en traveso.

Fazese ao cavalo ùa gran quebradura como seda longa et en traveso ontre a carne
 1245 viva et a uña. Et esto vén perlo cajon das outras como ja contei. Et moito máis dana ao cavalo que neña das outras, porque se faz en traves et fende a carne en traveso, a carne (que) se junta aas uñas et dánase et é apremuda das [uñas].

Remedio contra a gran quebradura.

A esta door acorrerás en esta guisa: porque se non pode curar per engüentos nen
 1250 per outras cousas que ben sejan, por én mester é de a queimaren con ferro redondo caent[e] naquel lugar u se começa, que per razon do fogo a quebradura travesa non poderá máis crecer.

D[o] quebranto que chaman ca[n]cer.

Fazese outra enfermidade arredor das junturas et o pee nos travadouros, et aas
 1255 vezes se geera en outro lugar do corpo. Et vén quando se fere o cavalo en algũu lugar, per negligencia non pensan da ferida et non leixan de cavalgar en el por én et anda amiude per agoa et per lamas et per outras cajões; envellecendo a ferida et usando destas cousas fazese en el cancer.

Remedio contra o cancer.

1260 Toma do çumo dos colloos das abrotëas et sete dramas de cal viva et d' ouropi- mente en poo quatro dramas, et amasa todo en ùu et cozeo en ola nova ben cuberta

de ùu testo que no[n] posa ende sair bafo nen fumo, et ferverá tanto ao fogo ata que se volverá todo en poo. Et daquel poo pon duas veces asaz no dia no lugar do cancer ata que moira, mais lava ante a chaga con vinagre forte et exugao et, depois que for
 1265 exuto, lançalle aquel poo. Et pois que o cancer for morto, curarás da chaga con a crara do ovo et con as outras meeziñas que che suso ensinarei. Et sinal é que morre o ca[n]cer quando a chaga u el é incha darredor.

(22 v.) Para esto val o esterco do home mesturado con outro tanto de sarro de cuba queimado dessüu et tornado en poo.

1270 Para esto val o tartaro con sal mudo queimado desüu et tornado en poo et poerllo. Et outra cousa é ainda mellor para matar o ca[n]cer, conven a saber: o allo ben pisado con o dito poo et con piritro mudo, que é azeche, e tornado todo en poo, mesturado con exulla vella de porco, et poer esto sobre lo cancer duas veces no dia, et lial-lo et apertal-lo ben et fazer esto ata que moira o ca[n]cer, et depois façase do poo
 1275 asi como ja dixen. Et nota que o poo dos collos das abroteas val máis que todos los outros, et dos ditos poos deven ussar nos lugares nervossos et intrincados de veas et d' arterias, porque se deven cavidar de fazer en taes lugares talladuras nen queimaduras a neua guisa, pero non é dovida que ennos carnosos se non deven fazer talladuras et queimaduras como comprir, ca máis ligeiramente se pode curar o cancer per
 1280 elas que perlos ditos poos nos lugares carnosos.

De fistola.

Aas vezes aven que na chaga vella se faz ùa enfermidade que de dentro roe et cava as carnes na chaga ata os ossos, porque non foi ben curada. Et aas vezes se faz do cancer que non é ben curado, que per esta razon ligeiramente se volve en fistola.

1285 Remedio contra a fistola.

Se a chaga vella ou cançer foron mal curados et per antigu[i]dade se tornaron fistola, soelle a acorrer aas vezes con o poo dos colloos das abrotẽas mesturandolle tanto de cal viva como d' ouropimente por seer máis forte.

Outro poo a i máis forte para matar a fistola: filla cal viva et outro tanto d' ouro-
 1290 pimente et faze ende poo et filla o çumo dos allos et das cebolas et do engu, que semella sebugo, tanto de ùu como doutro, et toma do mel craro et do vinagre forte, tanto dest[e]s ambos como dos ditos çumos, et con esto todo amasa o dito poo et fageo ferver meixendoo con coller ata que se faça unguento, et daquel unguento mete asaz na chaga duas veces no dia, legao i, se vires que mester é, et, ante que o poñas,
 1295 lava a chaga con vinagre forte.

Para esto val ouropimente et azillavre et cal viva, tanto de ùu como doutro, et fazedo poo et amasadeo con çumo de piretro, que quer dizer azeche, et d' atramento

(?) (23 r.) et con mel craro et con vinagre forte, tanto de ùu como doutro, et coze todo desũu et meixendoo con coller ata que se faça unguento; daquel poras na chaga duas
1300 vezes no dia como che ensinarei lava[n]doo ante con vinagre forte.

M[a]is o que máis forte é de todos est[e]s [é] o poo do rosalgar amasado con seiva d' ome et metudo temperadamente na chaga. Et nota que sinal é do morrimento da fistola inchar a chaga darredor, arruvecer de dentro; e morta a fistola, deven a curar da chaga asi como doutras chagas, como dito é. Et se se criar fistola nos lugares car-
1305 nossos, façanlle en como é conteudo nas curas do ca[n]cer.

Avendo trautado das enfermidades et dos remedios das coixas et das pernas do cavalo per todo o corpo, digamos dos danamentos das uñas; primeiramente digamos da seda que se i faz.

Da seda que faz nos pees do cavalo que fende a ùa parte per meio de dentro ata o
1310 toவில் et aas vezes a de lado a fendedura, a qual se começa da corõa do pee et vai per medio da uña ata acima, et deita aas vezes sangue puro perla fendedura. Et esto vén do danamento do toவில் que ha dentro na uña como a dita enfermidade aja começo et cabeça do toவில், et aas vezes aven que dana o tuello; sendo o cavalo novo ferido en lugar duro, a uña, que é tenra, dánase o tuello que é tenro, da qual door o
1315 cavalo se sente et manqueja ende quando en el cavalgan, et chamanlle seda segon a obra que faz.

Remedio contra a door da seda.

Aa qual door faras tal cura: alimpa a uña ata sas reizes contra o toவில் d' apar de a corõa do pee ontre o vivo et a uña morta con puxavante ou con grosa ata que comece a deitar sangue; et depois toma a coovra et tallalle o rabo et a cabeça, et o al que
1320 ficar desfaz en peças miudas et cozeas en ola chea d' azeit[e], et cozase tanto ata que se desfaçan os ossos; et façasse ende unguento et deste unguento ùu pouco caente unten as raizes duas vezes no dia, et usen del ata que s[e] moira a seda et se torne a uña a seu estado. Et o cavalo non coma ervas per neña maneira nen outra cousa verde.

1325 Algũus curan a seda en esta maneira: talla prim[eir]a a uña ata o vivo da (23 v.) uña como suso dixee et queima as reizes de fondo, et matenna con o poo dos colloos das abrotẽas ou con os outros poos que matan o cancer; des ende façan confeiçon do encenço macho branco et da almecega, tornados en poo et coitos con sevo de carneiro et con cera, tanto de ùu como doutro, ata que se faça como unguento; et poñan
1330 deste unguento no lugar duas vezes no dia ata que seja soldada a carne et se mudava a uña et máis. Pero eu, ensinado per esprovamento, louvo máis para matar a seda o unguento que se faz da serpente como dixee suso [et] ensinei. Et nota que, se asaren en espeto de pao as postas da coovra grosa et colleren ende a grosseen en algũa cousa et poerena caente, a qual tiraren de sobr[e] los braços no polmon que tener o cavalo

1335 no espiñaço dela a avondo et ùu dia consumirá todo o polmon et a destruírá; et deven gardar que non caia daquela grosura en nenñu outro lugar do espiñaço nen d' allur no cavalo.

Remedio contra a dolor que se chama peeira.

Peeira é enfermidade que se faz ao cavalo que non pode andar, como se fose agua-
 1340 do, et padece o cavalo esta door aas vezes en ùu pee et aas vezes en todos. Et nota que se vëer a ùu pee et lle logo non acorreren, verra logo aos outros. Esto vén ligeiramente dos maos humores que ali corren, pero ligeiramente vén do uso d' andar per agoa lixosa ou per estrabo mollado et estar i de noite, non seendo ante exuto nen limpo nen traido asi como ha mester. Et esta door faz danaduras et uçara na lengoa.
 1345 Et pódese esta door ligeiramente conocer na lengoa danada.

Remedio contra esta door da peeira.

Q[u]ando o cavalo ouver peeira, devenlle alimpar moi ben as uñas so as solas do fondo do pee, ata que fique o casco moi sotil, et descubrir os machos ambos para folgar per i ata que cheguen aa uña; des i sangren ambos machos ou os furar per
 1350 fondo da ùa et da outra parte con ferro de ponta fervente para se livrare[n] per i os omores que i corren, et agarden sempre o cavalo que non meta os pees en agoa nen en outro lugar mollado et suzeo nen o enfaden a neña maneira; depois ponlle papuxas de farelos coitas en vinagre et con pouco de sevo, et sejan caentes quaes as poder sofrer, postas en ùa peça de pano ancho que cerque o pee darredor todo et legueno
 1355 ben, et esto lle poñan duas (24 r.) veces no dia. Et non deve o cavalo comer ervas nen cousa verde, mais coma pouco das outras coussas ata que da infirmitade seja são, porque as ervas et o moito comer acrecentan os omores. Et se o per tal cura gardaren, o cavalo sera livre et são. Et digo que sãará da lingoa sol que da door dos pees seja são.

1360 De superposita que é trilladura de que se geera cançer.

Fazese outra door sobre la corõa do pee, conven a saber, ontre a carne viva et a uña, et rompe i a carne, a qual ro[m]pedura, se for vella, antiga, geerese i cançer; et vén esta door quando o cavalo per cajon pon ùu pee sobre lo outro premendo moito.

Aa qual door faras tal cura: tallarás logo con grossa toda a uña da chaga de guisa
 1365 que a uña non tanga a carne viva, porque o premento da uña faz grande embargo aa carne viva et non leixa soldar a chaga. Et pois que for a uña tallada darredor da chaga como dito é, laven a chaga con vinagre ou con viño caente; et des i curese a chaga con soldas como desuso é contado. Et garden a chaga d' agoa ata que seja sol-

dada. Et se per ventura, per negligencia ou per maa garda se volver a chaga en
1370 ca[n]cer, pensen del asi como dixen no capitulo da fistola.

Das encravaduras que son de tres maneiras.

[D]as encaçaduras que se fazen ennos pees et nas uñas do cavalo digamos as
maneiras, das quaes primeiramente departamos per dereita orde, et son tres. Et faze-
se ùa especia d' encravadura que dana en fondo de dentro o tuello, que chaman
1375 amago. Et fazese outra terceira et non dana o tempa enna uña en niña cousa, mais
tange et dana o vivo da uña.

Et per esta razon a prim[eir]a [e]specia, que de fundo dana o tempa comprida-
mente, é perigosa, porque o tuello é ùa tenridõe d' ossos feita en maneira de uña et
cria a uña et governaa et tiraa asi as reizes da uña toda.

1380 Remedio contra a encaçadura da prim[eir]a especia.

Se o toello for moi danado de fondo, desollenlle a uña en como adeante mostra-
rei; se for pouco danado, descobran con ferro convinivel a sola da uña tallando a uña
arredor da chaga ata que seja descuberta. Et depois que a encravadura for descuberta,
façan a sola da uña delgada et sutil especialmente arredor da chaga et raien de
1385 fundo a uña ata que chegue aa chaga et que aja espaço ontre a chaga et a uña et que
a uña non prema a chaga nen se chegue a el por se non embargar o soldamento da
carne porlo chegamento da uña nova. Et esto asi feito, enchan a chaga ou danadura
d' estopas molladas nas craras dos ovos; dis i curen a chaga con sal mudo et con vina-
gre (24 v.) forte ou con poo de galla, como dito é no capitulo d' ante este.

1390 Da encravadura [d]a segunda especia et remedio.

Se ao cavalo entra ontre o tuello, que quer dizer amago, et a uña que é na
segu[n]da especia, que é máis sen perigoo que outra, porque se non dana o cavalo
senon a de lado, tal cura lle faras: primeiramente descubrirás a encravadura de fondo
ata o vivo, cavando a uña ao longo et largandoa arredor da chaga para se non chegar
1395 a uña á chaga et, descuberta a chaga, laven con vinagre a encrava[dura], depois
[enchea] de sal mudo et pona encima et [e]stopas molladas en vinagre, et leguen o pee
danado con ùu pano et cure[n] depois a chaga duas veces no dia asi como ja contei.

Se a encravadura for na terceira [e]specia, que non dana o tuello mais pasa per
meio ontre o vivo et a uña, (et) esto mesmo lle faras en todo como che na segunda
1400 especia ensinei, pero que ainda i máis ha sobre esto, conven a saber, que, aparrella-
da et descuberta a encravadura asi como o meestre faz, tallen a uña de fóra ata a dana-

dura do cravo que lixo nen podreen nenña non posa ficar na chaga per neña guisa. Et nota que todaslas encravaduras que a de dentro non tangen ao cavalo, ligeiramente se poden curar se foren limpas et ben apareladas et lles meteren dentro na chaga sevo
 1405 ou cera ou leite ou outra cousa grosa que ante fervan con sal, et con esto asi caente queimaren ben a chaga, et gardena da agoa et de lixo, et garirá; esto é provado.

Item. Con sal mudo et con sarro de cuba, que chaman tartaro, curars' á a encravadura.

Item. Val para esto a feluge et o sal et o azeit[e], todo amasado encima posto.

1410 Item. Val para esto a crara do ovo anaçada co[n] vinagre et con azeite, et posta ençima con pano ou con estopas.

Item. Val para esto o poo da galla et da murta et do lentisco metudo dentro na chaga, lavada a chaga ante con vinagre forte.

Et nota que todaslas danaduras dos pees ou das uñas que aven per cajon de clavo
 1415 ou d' oso ou de fuste ou doutra coussa qualquer [que] entre no vivo da uña, ante que o pee ou a uña tangan, para o cortaren como conven devenlle poer farelos ou semes, coitas con sevo de carneiro et con malvas en vinagre ata que sejan todos espessos et caentes (25 r.) quaes os poder sofrer, et teel-los abafados con pano, ben liados des a mañaa ata aa noite ou del-la noite ata a mañaa. Et esto asi posto, amansa a door et
 1420 abre os poros et faz as uñas humidas para se tallaren mellor et máis ligeiramente per u as tallar quiseren; et deven a gardar a besta que for encravada d' agoa et do lixo et de cavalgaren en ela, porque lle seera perigoo se a non gardasen.

D' encravadura que fumea.

Aven aas vezes, per desensina[n]ça do alveiter, que a encravadura non é ben des-
 1425 cuberta nen pensada asi como deve, u conven que a podreen da chaga, que fica ençarrada dentro enna uña, faça camiño ontre a uña et a carne viva, rompendo a carne sobre lo pee, afazendo i a chaga per que sae aquela podreen, a qual chaga se deve curar asi como desuso dito é no capitulo da encravadura. Pero demanden dentro a so a sola da uña ata a chaga et, descuberta moi ben toda ata o vivo, dis i curen da chaga
 1430 asi como ja dixen das outras encravaduras.

Item. De ficu que quer dizer figo, ña carne sobeja que nace so a sola do pee.

Contence que se dana o pee so a uña no vivo da sola, entrando i perigoo ou osso ou pedra ou estacon ata o tuello, de que se dana aas vezes moi mal o tuello, da qual danadura, se se per negregencia do alveiter non tallar a uña como ja desuso dixen, a par
 1435 d' u a chaga nace do tuello ña sobegedüe de carne que sal fóra perla chaga sobre la sola do pee, a qual sobegedüe de carne perlo apremamento et perlo apretamento da uña se faz sobre la sola do pee en maneira de figo et por ende igualmente lle chaman figo.

Remedio contra a door do figo.

Aa dor do figo faras tal cura: primeiramente tallarás tanto da uña arredor da chaga
 1440 que aja espaço convinivel ontre a sola do pee et aquela carne sobeja que chaman figo;
 depois talla o figo ata acima da sola de que seirá o sangue et, estancado o sangue, pon
 encima do figo espona do mar et apretaa ben con ùu pano de liño et legao ben, et
 non lle tollas esta [e]spona do mar ata que seja o figo todo comesto et rauda da uña,
 et o figo asi raido, cura da chaga que ficar asi como dito é das outras chagas (25 v.)
 1445 dos pees. Et se falecer a [e]spona que a non posas aver, val moito para se comer o
 figo o poo dos collõos das abrotẽas, que lle porras, ou os outros poos corrosivos
 sobreditos, salvo o rossalgar, que lle non poras porque é moi forte sen te[m]perar.
 Gardao de lle poer i queima per neña maneira, porque perlo fogo, se llo posseres, o
 toello, que é tenro, se podería secar et danar de tal guisa que se estremaria del a uña
 1450 todavia.

De subatuto que quer dizer despeeamento dos pees.

Acontece ainda que a sola da uña que anda so o pee, anda per tanto tempo desfe-
 rrada per lugares montossos, duros, pedregossos que se escome, et se faz tan sutil
 porlo grande ussamento que naturalmente non pode defender o tuello de dentro assi
 1455 como deve. Et porlo apremamento das pedras et do lugar duro féresse o tuello et,
 ferindosse assi o tuello, fazesse ontre el et a sola ajuntamento de sangue pressado ou
 d' umores que de custume decen para a door u quer que jaz.

Remedio para esta door do espeeamento.

Acorran con esta cura: desollen logo a uña tirandolle o tempan. Pero aas vezes
 1460 aven que toda a uña dessolla et aas vezes a meatade et aas vezes ùa parte dela, segun
 que lle for a danadura grande ou pequena; para se livraren per i aqueles humores que
 deceren aa door et para se o cavalo mellor curar et para vir a uña a seu estado, faras
 como che adeante ensinarei enno capitulo seguinte que fala do dessollamento das
 uñas.

1465 De que chaman estempaduras.

Contece aas vezes que o agoamento do cavalo, que per negligencia non foi cura-
 do asi como conviña, decen aos pees perlo movemento os humores que para as coi-
 xas de custume.

Remedio contra as empaaduras que veen do agoamento mal curado.

1470 (26 r.) Cavalo que manquia de tras ou en andando non se fica senon na punta do pee postrimeiro, et sen outro dobramento enderença et alça o pee çopo dereitamente, aqieste séntese da juntura que é o noo de sobre lo travadoiro.

Do conocemento das doores do cavalo.

Cavalo que ha a door no corpo dentro continoadamente, ten as orellas frias et os
1475 ollos covos, é mal enfermo.

Cavalo que ha door do curaçon et lança os sospiros dos narizes et choranlle os ollos ameude, aperto é de morte.

Cavalo que ha door d' omores frios como reima ou de verme ou volativo na cabeça et co[n]tinoadamente lança por los nares umores asi como agoa grossa et fria
1480 como mormos, adur escapará.

Cavalo que ha door d' arregiato, que deita perlo sesso tanto esterco como agoa, que non lle fica no ventre esterco, que todo nos lança fóra, a pouco tempo morrerá.

Cavalo que ha enfermidade que o faz suar, cada ùu dos nembros del teveren as tortoras (?) continoadamente, adur pode escapar que seja sao.

1485 Cavalo que ha door [da] friura da cabeça et a cabeça et os ollos inchados, et en andando cabeceia con a cabeça que trage pesada et lança aas costas as orellas frias, adur ou nu[n]ca escapará.

Cavalo que ha door d' estrangollo, et con gran careza et con sño lança et recebe o aar perlos nares et perla boca, et ha todo o goto inchado et grosso, (que) adur pode-
1490 rá goarir.

Esta obra co[n]poso Jurdan Ruvo, cavaleiro de Cal[a]vrea, familiario do emperador do[n] Fradarique Segu[n]do, o qual foi ensinado perlo dito emperador de todas las coussas sobreditas et foi esprovado na alveitaria dos cavalos en casa do dito emperador con que viveu per gran tempo. Ja acabada é a dita obra.

1495 (26 v.) Titolo da sangria do cavalo.

Quando quiseses sangar o cavalo, fageo ante escaentar et suar, et depois a pouco tempo sangrenno nas vëas en que se deve sangrar, et gardao depois que no dia da sangria non beba moito nen coma senon a meatade da cëa que soe a comer ou a terça

parte, et en outro dia seguinte denlle as duas partes, enno terceiro dia denlle entrega-
1500 mente sua cẽa.

Deus gracias.

Índice

Nota previa	9
Introducción	15
Texto	55
Glosario	161
Referencias bibliográficas	357
Apéndice: Proposta de edición	365